

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE MAIO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas do treito final da estrada EP-0203 Caritel–Anceu, de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Silleda da estrada EP-6517, denominada Rúa de Silleda, de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para o proxecto de mellora da accesibilidade peonil no Paseo de Silgar, desde a rúa Ourense ata a rúa Rosalía de Castro, e a mellora do pavimento na beirarrúa do lateral da praia e adaptación da varanda á normativa vixente desde a rúa Rosalía de Castro ata o miradoiro de Sanxenxo, por un importe total de trescentos noventa e seis mil oitocentos cincuenta euros (396.850,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de educación transformadora e de innovación e comunicación social que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 polo importe total de setecentos vinte mil euros (720.000,00 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa Vacacións en paz, 2026. Importe: cen mil euros (100.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do proxecto Aulas Sénior de Galicia para o exercicio 2026. Importe: douscentos dez mil euros (210.000,00€).
- Acordo polo que se aproba o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2026-2029.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da licitación, por parte de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., do servizo de redacción do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE) e instrumentos de desenvolvemento e execución (IDES) da Plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol (Mandiá).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Boqueixón, para a execución das obras de mellora de itinerarios peonís en Lestedo, fase I, por un importe de catrocentos sesenta mil cincocentos dous euros con tres céntimos (460.502,03 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Arbo, para a execución das obras de humanización da rúa Vázquez Estévez, fase I, por un importe de catrocentos cincuenta e cinco mil seiscentos corenta e dous euros con cinco céntimos (455.642,05 €).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. á licitación das obras de construción dun edificio de 59 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas 2, 3A, 3B e 3C do polígono 4 de Paradai, concello de Lugo, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dez millóns setecentos corenta mil seiscentos noventa e catro euros con noventa e un céntimos (10.740.694,91 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se determinan os ingresos para acceder ás vivendas protexidas e se fixan os seus prezos máximos de venda e renda.
- Acordo polo que se toma razón da Estratexia de impulso á vivenda protexida en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina fronte á meninxite B (BEXSERO®) a partir de dous meses, para o Programa galego de vacinación, por un importe total de licitación de tres millóns catrocentos trinta e oito mil douscentos corenta euros, con IVE (3.438.240,00 €), e un valor estimado de dez millóns cincocentos setenta e nove mil douscentos euros, sen IVE (10.579.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subministración de material necesario para a realización das técnicas analíticas que precisa o laboratorio de procesamento analítico da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), por un importe total de licitación de sete millóns oitenta e un mil cincocentos setenta e tres euros con corenta céntimos, con IVE (7.081.573,40 €), e un valor estimado de oito millóns setecentos setenta e oito mil oitocentos dez euros, sen IVE (8.778.810,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación da Orde pola que se crea o Rexistro Galego de Persoas Centenarias e se regula o seu funcionamento.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e cualifica a Colección museográfica Margarita Ledo Andión.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías nos pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2026-2027, por un importe total de dous millóns douscentos mil euros (2.200.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a eximir de garantías e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026, por un importe total de dous millóns trescentos setenta mil euros (2.370.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a constitución dunha garantía por un importe inferior ao establecido no artigo 67.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as axudas reguladas na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a investimentos en máquinas de baixo consumo con tecnoloxía 4.0 para agricultura de precisión e cunha menor emisión de gases de efecto invernadoiro para paliar os efectos da crise enerxética derivada do conflito en Oriente Medio, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2026 por un importe de oito millóns seiscentos mil euros (8.600.000,00€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable, por un importe total de cinco millóns cen mil euros (5.100.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o Plan de acción da Unidade de Investigación de Conservación da Natureza (UICON).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a resolución da convocatoria do programa Vinnovate 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o balance da Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe balance da actividade da Xunta de Galicia no ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do trazado: Fomento mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na AC-550 no Porto do Son, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de dous millóns cincocentos trinta mil catrocentos noventa e cinco euros con nove céntimos (2.530.495,09 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a integración do proceso asistencial xenético en enfermidades raras.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o III Estudo de contabilidade social da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axuda do programa Reencontros con Galicia, destinado ás persoas maiores residentes no exterior para o ano 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DO TREITO FINAL DA ESTRADA PROVINCIAL EP-0203 QUE COMUNICA CARITEL E ANCEU

- Trátase do treito de 1.081 metros, comprendido entre os puntos quilométricos 2+460 e 3+541
- O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*
- Correspóndenlle ao Concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas do treito final da estrada provincial EP- 0203, que comunica os núcleos de Caritel e Anceu.

Trátase do treito de 1.081 metros de lonxitude desta vía provincial, comprendido entre os puntos quilométricos 2+460 e 3+541, solicitado pola Administración local á Deputación Provincial de Pontevedra.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Ponte Caldelas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Ponte Caldelas terá a competencia para actuar no treito final da estrada provincial EP- 0203 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE SILLEDA DA VÍA PROVINCIAL EP-6517, DE CARÁCTER URBANO

- Trátase do treito de 228 metros de lonxitude denominado rúa de Silleda
- Co cambio de titularidade, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Silleda da estrada provincial EP-6517, comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+228, de carácter urbano.

O Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no cal estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade desta vía, de 228 metros de lonxitude, denominada rúa de Silleda.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito da vía.

A transferencia destas vías a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Silleda terá a competencia para actuar neste treito da EP-6517, e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito cuxa titularidade se transfire:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE A REFORZAR O ATRACTIVO TURÍSTICO DE SANXENXO COA MELLORA DO PASEO DE SILGAR, QUE ASCENDE A 400.000 €

O acordo aprobado hoxe polo Goberno galego dá continuidade ás actuacións desenvolvidas neste espazo en 2024, nas cales Turismo de Galicia investiu 500.000 euros

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo, que impulsa a mellora da accesibilidade peonil e do contorno do paseo de Silgar. Este acordo, cun orzamento total de 396.850 euros, do cal Turismo de Galicia achegará máis do 50%, permitirá avanzar na posta en valor dun espazo clave para o turismo, facilitando un percorrido seguro para os peóns e contribuíndo a revalorizar este enclave como espazo turístico e de lecer para cidadáns e turistas.

A intervención centrarase no tramo recollido entre a rúa Ourense e a rúa Rosalía de Castro, ademais de na mellora do pavimento na beirarrúa do lateral da praia e da varanda que vai desde a rúa Rosalía de Castro ata o miradoiro de Sanxenxo.

En concreto, está previsto que se avance en accesibilidade mediante a eliminación do chanzo entre a calzada e as beirarrúas, ademais dunha renovación do pavimento mediante a substitución das lousas prefabricadas existentes por lousas de granito. Por outro lado, a varanda de pedra retirarase e será instalada unha nova de aceiro inoxidable. Tamén se incorpora novo mobiliario urbano e elementos que favorecerán o disfrute do espazo público, como un banco xardineira e sinalizacións.

Sanxenxo é un dos destinos de referencia en Galicia e este convenio da continuidade ás actuacións xa desenvolvidas con anterioridade no paseo de Silgar, durante o ano 2024, cando Turismo de Galicia participou nunha acción para a mellora da accesibilidade peonil no paseo e na rúa Madrid, achegando daquela un total de 490.000 euros.

O convenio actual potencia un elemento patrimonial esencial para o turismo, avanzando na mellora de infraestruturas e reforzando a aposta por un modelo turístico sustentable, accesible e de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ONGD PARA PROGRAMAS DE EDUCACIÓN TRANSFORMADORA E DE INNOVACIÓN E COMUNICACIÓN SOCIAL

- A medida, dotada con 720.000 euros, ten como obxectivo potenciar o impacto das accións desenvolvidas por estas entidades no exterior mediante accións complementarias no territorio galego e cun horizonte temporal máis amplo
- O período de execución é de tres anos e o Goberno galego financiará ata o 95% do orzamento do programa

O Consello da Xunta autorizou unha nova liña de axudas para a execución de programas de educación transformadora e de innovación e comunicación social por parte de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), dotada con 720.000 euros. O obxectivo é potenciar o impacto das accións desenvolvidas por estas entidades no exterior mediante accións complementarias no territorio galego e cun horizonte temporal máis amplo.

A iniciativa inclúe dúas liñas de acción. Unha delas céntrase en programas de educación transformadora, que axuden á creación e á consolidación dunha cidadanía obxectiva, crítica e comprometida cos valores e políticas de desenvolvemento a través da sensibilización, a formación e a mobilización. As propostas deben incorporar a visión sur, ser relevantes para a cooperación para o desenvolvemento e que o seu contido estea directamente vinculado con esa área.

A outra liña abrangue os programas de innovación e comunicación social, destinados a darlles visibilidade ás políticas e intervencións de cooperación e acción humanitaria desenvolvidas con anterioridade ou previstas. Deben usar metodoloxías innovadoras e de comunicación social e conectar realidades xerando redes de apoio mutuo, fortalecendo as alianzas entre o norte e o sur global.

A medida diríxese a ONGD que teñan entre os seus fins o desempeño de actuacións de cooperación para o desenvolvemento no exterior e con experiencia demostrada neste sector. Poden optar tamén as agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, como universidades, empresas, organizacións empresariais e sindicais e comunidades galegas no exterior, entre outros.

O período de execución desta nova convocatoria será de tres anos, desde 2026 a 2028. Así, a dotación orzamentaria distribúese en 180.000, 270.000 e 270.000 euros para cada un destes exercicios. Con estas contías, a Xunta poderá financiar ata un 95% do orzamento do programa, ata un máximo de 90.000 euros no caso de programas de educación transformadora e de 110.000 no de programas de innovación e comunicación social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan da cooperación galega

A iniciativa enmárcase no cumprimento do vixente *V Plan director da cooperación galega 2023-2026*, que establece a promoción de programas no exterior e de educación para a cidadanía global, destinados a mellorar o alcance das actuacións financiadas e a aumentar a duración e a media de financiamento das intervencións. Neste marco de acción, cómpre lembrar que o *Plan anual 2026 da cooperación galega para o desenvolvemento* conta neste exercicio cunha dotación de 10,3 millóns de euros, un 5% máis que o ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN A SÚA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

Destínanse 100.00 euros para que nenos procedentes do campamento de refuxiados de Tinduf (Alxeria) disfruten do verán con familias galegas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) por un importe de 100.000 euros para levar cabo, un ano máis, o programa Vacacións en paz. A través deste acordo, a Administración autonómica subvenciona os desprazamentos a Galicia de nenas e nenos saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados de Tindouf, en Alxeria.

O obxectivo deste programa é que os menores que son acollidos por familias galegas durante o verán disfruten dun tempo de lecer, con todas as súas necesidades cubertas (aloxamento, manutención, atención sanitaria...) e protexidos dos máis de 50º de temperatura que durante os meses de xullo e agosto se chegan a acadar nos campamentos de onde veñen.

Esta iniciativa desenvólvese desde 1991. O convenio prevé o pagamento anticipado do 100% da axuda concedida para que Sogaps conte coa liquidez suficiente para realizar esta iniciativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ESTE ANO 210.000 € AO PROGRAMA AULAS SÉNIOR DE ATEGAL

- A previsión é que máis de 1.200 persoas maiores de 60 anos participen nas actividades que se desenvolven no marco desta colaboración
- O programa abrangue catro grandes áreas: a cultural, a ocupacional, a de saúde e a de lecer

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) para dar continuidade á actividade das Aulas Sénior ao longo deste ano. O orzamento deste acordo é de 210.000 euros, 10.000 euros máis con respecto ao anterior, e a previsión é que máis de 1.200 persoas participen nos programas que se desenvolven ao abeiro desta colaboración.

Con este acordo, o Executivo autonómico consolida a oferta de actividades que organiza Ategal para as persoas maiores de 60 anos en catro áreas diferentes: a cultural, a ocupacional, a de saúde e a de lecer. Na cultural inclúense cursos de idiomas, de historia da arte e de Galicia, de xeografía, de historia viva, de literatura española e galega, e de cinema e cultura. Dentro da área ocupacional realízanse clases de debuxo e pintura tanto ao óleo como en tela, así como obradoiros de música e de solfexo, de teatro, de informática ou de manexo de tabletas e de teléfonos intelixentes.

Na área de saúde inclúense actividades de ioga, pilates e taichí; ximnasia de mantemento e marcha nórdica; obradoiros de memoria e de benestar emocional, ou sesións de risoterapia e danzaterapia. Dentro das actividades de lecer, a oferta prevé a realización do magosto, do Nadal, do Entroido e das Letras Galegas; viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, e a participación en encontros e congresos.

As actividades lévanse a cabo nas oito sedes de Ategal en Galicia: A Coruña, Ferrol, Padrón, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Lalín e Monterroso. Ademais, compaxínase a formación presencial con clases en liña a través da plataforma de Ategal.

Este convenio con Ategal forma parte dos programas e iniciativas que impulsa a Xunta de Galicia para promocionar a participación activa das persoas maiores. Entre estas destacan os convenios coas universidades galegas, para que as persoas maiores se sigan formando e especializando naquelas disciplinas que desexan ou iniciativas de lecer activo e saudable, como son os programas Xuntos polo Nadal e Benestar en balnearios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O II PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 10 M€ ATA O ANO 2029

- Establece cinco áreas estratéxicas: a sensibilización; a identificación, derivación, protección, asistencia e recuperación das vítimas; a formación e a mellora da capacitación profesional; a coordinación institucional e social e a investigación
- Ten carácter transversal e dá unha resposta integral, pois implica as administracións públicas, as forzas e corpos de seguridade ou os sistemas sanitario, xudicial e educativo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2026-2029, cun orzamento de 10,1 millóns de euros. A diferenza do primeiro, este apróbase para un período de execución máis amplo –catro anos en lugar de tres–, está dotado con tres millóns de euros máis que o anterior e presta especial atención ás vítimas máis vulnerables, como as mulleres e as nenas con discapacidade.

O plan inclúe cinco áreas estratéxicas, cada unha delas cos seus obxectivos operativos e medidas, ata sumar un total de 61. A primeira destas áreas é a sensibilización e a promoción da concienciación social, que ten como obxectivo previr a trata de seres humanos e a explotación sexual a través de campañas e programas educativos dirixidos especialmente á mocidade. Búscase fomentar unha cultura de tolerancia cero cara á prostitución, á trata e á explotación sexual.

A segunda é a identificación, derivación, protección e asistencia ás vítimas. A este eixe estratéxico destínanse sete dos máis de dez millóns de euros que ten de orzamento o plan, co fin de mellorar a resposta fronte ás vítimas. Estas recibirán protección, atención psicolóxica, médica e xurídica, e terán á súa disposición recursos para a súa recuperación e reintegración social, incluíndo programas de acceso ao emprego e de inclusión social. O obxectivo é garantir a súa autonomía e facilitar a súa reincorporación efectiva na sociedade.

O terceiro pilar do plan é a formación e a mellora da capacitación profesional na atención as vítimas, para garantir unha intervención especializada, rápida e adecuada polos profesionais implicados, que forman parte de ámbitos clave como o sanitario, o educativo, o da seguridade ou o xudicial.

A área estratéxica número catro é a cooperación, coordinación e colaboración institucional e social, para articular unha resposta compartida entre administracións públicas, organizacións non gobernamentais, entidades sociais e outros axentes. Trátase de crear espazos de traballo conxunto, así como de favorecer o intercambio de información e de boas prácticas con outras comunidades autónomas e entidades locais, entre outras propostas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E o quinto eixe do plan céntrase na investigación e elaboración de estatísticas e informes. Quérese reforzar a recompilación e a análise de datos para identificar padróns e tendencias no tráfico de persoas e promover unha estratexia común e eficaz na loita contra a trata. Ademais, a análise constante das estatísticas permitirá mellorar as políticas públicas e adaptar as accións para abordar a trata de forma máis eficaz.

Resposta transversal e integral

Polo tanto, este II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual ten carácter transversal, xa que a súa aplicación require a implicación coordinada de administracións, dos servizos públicos, das forzas e corpos de seguridade ou dos sistemas xudicial, sanitario e educativo. Así mesmo, dá unha resposta integral, xa que procura a protección inmediata das vítimas e a súa atención psicolóxica, psiquiátrica, sanitaria e xurídica.

Nesta liña, o documento tamén recolle o feito de facilitarlles ás vítimas os recursos materiais básicos, a protección residencial, o acceso ao emprego, a inserción social e educativa ou o acompañamento que necesitan para acadar a súa plena recuperación.

O plan contou coa participación das organizacións especializadas na atención ás vítimas, agrupadas na Rede galega contra a trata sexual. Na súa elaboración tiveronse en conta o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 e as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Comunidade pioneira

Galicia foi unha comunidade pioneira na elaboración dun instrumento específico de actuación no ámbito da trata con fins de explotación sexual. Desde o ano 2010, a Xunta ten un protocolo para a prevención, investigación e tratamento ás vítimas, no cal colaborou a Fiscalía Superior de Galicia e que foi renovado en 2012. Ademais, en 2022 aprobouse o I Plan galego nesta materia, que estivo vixente ata o ano 2024 e cuxa avaliación global é positiva co cumprimento da maior parte das medidas que este recollía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA DOTAR DA PRIMEIRA BOLSA DE SOLO INDUSTRIAL O CONCELLO DE FERROL CO IMPULSO Á PLATAFORMA LOXÍSTICA EMPRESARIAL E PORTUARIA DE MANDIÁ

O Goberno galego da luz verde á licitación da redacción do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) deste novo ámbito de desenvolvemento empresarial, que contará con máis de 1,6 millóns de metros cadrados e se desenvolverá en dúas fases

O Consello da Xunta celebrado esta mañá deu luz verde ao inicio dos trámites que permitirán dotar a cidade de Ferrol da primeira bolsa de solo industrial coN que vai contar este municipio coruñés: a Plataforma Loxística Empresarial e Portuaria de Mandiá, que contará con máis de 1,6 millóns de metros cadrados e que está previsto desenvolver en dúas fases.

O Goberno galego tomou razón da licitación da redacción do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) desta nova área industrial que contará con 1.643.591 metros cadrados para acoller o asentamento de novas empresas. Un ámbito que conta cunha situación privilexiada no nivel de comunicacións, xa que dispón dun acceso á autovía Ferrol-Vilalba (AG-64), ten a estrada N-655 a menos dun quilómetro e está a 7 km do porto de Ferrol.

O proxecto da Plataforma loxística empresarial e portuaria de Mandiá trata de dar resposta ás demandas de solo na bisbarra de Ferrolterra, que inclúe as comarcas de Ferrol, O Eume e Ortegal. Nestes momentos tan só hai dispoñibles 140.784 metros cadrados nos 14 parques industriais activos, que suman en conxunto máis de 4,3 millóns de metros cadrados de superficie útil.

Por outra banda, no conxunto da provincia da Coruña, a Xunta está a finalizar a fase C do parque empresarial de Morás (Arteixo), e está a tramitar a expropiación dos parques empresariais de Bértoa (Carballo) e Coristanco. Así mesmo, están en fase de tramitación os PEOSE do novo parque empresarial de Cabana de Bergantiños e a ampliación do parque empresarial da Sionlla (Santiago de Compostela). En conxunto, todas as actuacións na provincia da Coruña suman máis de 3,3 millóns de metros cadrados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NA MELLORA DE ITINERARIOS PEONÍS EN LESTEDO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO TOTAL DE MÁIS DE 460.000 €

- As actuacións consistirán en executar as obras necesarias para integración urbana das vivendas situadas nas proximidades do lugar de Lestedo, con intervencións centradas na rúa Castrelo e na avenida do Vinteseis
- A Xunta asume o 70% do orzamento, máis de 322.000€ euros, contratará e executará as obras, e o Concello achega o 30% restante do investimento, algo máis de 138.000€
- As intervencións forman parte do Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar as administracións locais e cofinanciar diferentes tipos de intervencións urbanísticas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao acordo polo que se establecen as bases da colaboración e da cooperación técnica e económica entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Boqueixón, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na mellora de itinerarios peonís en Lestedo, que suporá un investimento de máis de 460.000 euros.

Baixo este acordo preténdese executar as obras necesarias para integración urbana das vivendas situadas nas proximidades do lugar de Lestedo, con intervencións en dúas rúas: a rúa Castrelo e avenida do Vinteseis (de acceso á zona de aparcamento).

O Goberno galego cofinanciará nun 70% estas intervencións achegando un investimento de máis de 322.000€, e contratará e executará as obras.

O Concello de Boqueixón achegará o 30% restante do custo das actuacións, algo máis de 138.000€; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

Estas intervencións realízanse ao abeiro do Plan Hurbe, un programa con que o Goberno galego colabora coas entidades locais para a execución de obras de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras

Este proxecto recolle unha parte dos traballos necesarios para acadar a integración urbana das vivendas situadas nas proximidades do núcleo de Lestedo.

Neste caso, os traballos que se realizarán na rúa Castrelo (superficie 1.845 m²) inclúen a renovación da beirarrúa, así como a instalación de bordo. Na marxe oposta da rúa proxéctase a construción dunha senda peonil de 120 metros de lonxitude, con bordo prefabricado tipo xardín no límite exterior da senda.

Na actuación propónse tamén acometer a renovación da capa de rodaxe da vía municipal tanto no treito que permite a circulación de vehículos en ambos os sentidos como no treito que funciona unicamente no sentido de saída. Renovaranse dous sinais de stop, ademais da colocación dun sinal de dirección prohibida e doutro de sentido único de circulación.

Completarase a actuación na rúa Castrelo cos traballos previos necesarios, coa canalización da rede de iluminación e reposición das luminarias existentes e co pintado da sinalización horizontal pertinente.

A intervención proposta na avenida do Vinteseis – zona de aparcamento (superficie 4.055 m²), ten como obxectivo renovar un treito desta avenida, mediante a reforma das beirarrúas existentes e a execución doutras novas que dean servizo ao novo espazo de aparcamento proxectado. Pola súa vez, mellorarase o estado da pavimentación do citado treito de rúa mediante o fresado do firme existente e a súa reposición.

Levaranse a cabo, ademais, a execución da rede de pluviais e os respectivos pozos de rexistro e arquetas, así como a de iluminación, coa execución da súa canalización e das correspondentes arquetas, báculos e luminarias.

Completarase a actuación cos traballos previos necesarios, co pintado da sinalización horizontal e a implantación dos sinais verticais, a montaxe das dúas paradas de autobús existentes, a instalación dun cobrecolector para os contedores do lixo e o recuamento/retirada dos postes afectados. As actuacións proxectadas teñen en conta a execución dos traballos referentes á rede eléctrica.

O proceso de urbanización do contorno rematará coa plantación do céspede e árbores e coa colocación de mobiliario urbano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 320.000 EUROS Á HUMANIZACIÓN DA RÚA VÁZQUEZ ESTÉVEZ, NO CONCELLO DE ARBO

- Trátase da reordenación e de gañar espazos para os peóns, restrinxindo o tráfico de motor só para residentes e vehículos de emerxencias
- Para esta intervención, que suporá un investimento total de máis 455.000 euros, a Xunta achegará o 70% do orzamento, contratará e executará as obras
- O Concello de Arbo asumirá o 30% restante do custo da obra, a redacción do proxecto, e incorporará ao patrimonio público municipal as actuacións
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co cal se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade
- O Goberno galego mantén cos concellos o impulso de accións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego destinará preto de 320.000 euros á execución das obras de humanización da rúa Vázquez Estévez, no concello de Arbo.

O Consello da Xunta deu conta hoxe da autorización da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello pontevedrés e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que sumará un total de máis de 455.000 euros.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, trátase de continuar as diversas intervencións de mellora de espazos públicos no Concello de Arbo, encamiñadas a gañar espazos peonís.

Dentro desta liña de actuacións encádrase esta humanización da rúa Vázquez Estévez, na cal se pretende unha reordenación dos usos desta rúa para gañar espazos para os peóns e restrinxir o tráfico de motor só para residentes e vehículos de emerxencias.

A superficie total do ámbito de actuación é de 1.610 m², dos cales 473 m² (29%) están destinados a beirarrúas e 1.137 m² a tráfico rodado motorizado (71%).

Actualmente a rúa dispón dunhas beirarrúas de ancho variable, entre os 80cm e un 1,50m. O seu ancho total varía entre os 6,50m e case 11m nalgún punto.

O proxecto que se vai executar prevé así a redistribución dos espazos da rúa, restrinxindo a residentes e vehículos de emerxencia o tráfico rodado motorizado nun tramo; polo tanto, a superficie do espazo peonil pasará dos 473 m² actuais a 1.498 m², o que supón un incremento do 217% da superficie peonil existente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No referente a espazos gañados para o peón, o incremento de superficie peonil é de 1.025 m².

En concreto, para a optimización da sección da rúa, dirixida á mellora da accesibilidade e seguridade dos peóns, destacan como actuacións: a redistribución da sección transversal da rúa, aumentando o espazo peonil; a eliminación de barreiras arquitectónicas que faciliten o tránsito a persoas con discapacidade, e a mellora da accesibilidade peonil, tanto na pavimentación como na visibilidade para incrementar a seguridade viaria.

Na obra prevese, tamén, a delimitación das zonas de aparcadoiro adaptadas aos usos existentes, a renovación das redes de saneamento existentes -proyectando unha nova rede de saneamento separativa-, a renovación da rede de abastecemento e a renovación das canalizacións de iluminación pública e a instalación de novos puntos de luz.

Con esta colaboración, o Goberno galego ten como obxectivo mellorar a calidade dos espazos para os peóns e a circulación peonil, renovar as redes de servizos, e todo con criterios acordes a actuacións similares nesta contorna.

A colaboración

Para levar a cabo esta intervención, a Xunta achegará o 70% do orzamento, con preto de 320.000 euros, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Arbo asumirá o 30% restante do custe das obras, preto de 137.000 euros; así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal destas obras, cuxo prazo de execución é de seis meses, e producirá efectos a partir da data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2027.

Esta actuación en Arbo enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 10,7 M€ DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 59 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LUGO

- Construiranse en catro parcelas de Paradai, permutadas ao Concello
- Esta actuación da Xunta acada un investimento global de case 11,4M€, incluíndo o custo da redacción do proxecto e dirección de obra
- O Goberno galego promove máis de 600 vivendas de promoción pública en Lugo, a maioría en Garabolos, onde xa están en obras neste momento 146 vivendas
- O total do investimento en Lugo é por conta da Xunta, con excepción de 7,28 M€ de fondos europeos para o cofinanciamento da construción de 146 vivendas, nas cales a Comunidade Autónoma inviste preto de 18,5 M€ de fondos propios

O Goberno galego licitará as obras de construción de 59 novas vivendas de promoción pública en Lugo, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. As vivendas construíranse en catro parcela de Paradai permutadas ao Concello e serán financiadas exclusivamente con fondos propios da Xunta, sen ningún tipo de cofinanciamento de fondos europeos ou estatais.

A obra de construción será licitada por un total de 10.740.694,91 euros, aos cales hai que sumar 400.000 € de redacción do proxecto e dirección de obra, e os custos doutros traballos técnicos. A actuación finánciase integramente pola Xunta, sen achegas estatais nin europeas.

O inmovible contará cun total de 33 vivendas de dous dormitorios, 20 vivendas de tres dormitorios (das cales 6 estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida) e 6 de catro dormitorios. Todas as vivendas contarán con rocho e praza de garaxe.

En total, a Xunta ten en Lugo, en distintas fases de execución, máis de 600 vivendas de promoción pública, a maioría en Garabolos, onde xa están en obras neste momento 146 vivendas. O total do investimento en Lugo é por conta da Xunta, con excepción de 7,28 M€ de fondos europeos para o cofinanciamento da construción de 146 vivendas, nas cales a Comunidade Autónoma inviste preto de 18,5 M€ de fondos propios

A Xunta continúa dando pasos cara ao cumprimento do compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028 con 4.000 vivendas en diversas fases de execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A ESTRATEXIA PARA O IMPULSO DA VIVENDA PROTEXIDA CON NOVAS MEDIDAS PARA INCENTIVAR A CONSTRUCCIÓN E FACILITAR O ACCESO A MÁIS FAMILIAS

- Resalta que a Xunta “vai ampliar o limiar de renda máxima” para “que máis xente teña dereito a optar” a unha vivenda pública ou protexida
- No caso dunha pública, os ingresos máximos dunha unidade familiar de 3 membros pasarían dos 2.250 euros aos 3.530€
- Nas protexidas de réxime especial, os limiar dunha parella cun fillo pasaría de 2.625 € a 3.971 €, chegando aos 4.850 € no réxime xeral
- Nas VPP que se adxudiquen en réxime de compra mantense a reserva xa en marcha dun 25% para menores de 36 anos, engadese a reserva do 30% para persoas de entre 36 e 45 con fillos menores a cargo e no caso de alugueiro, reservase un mínimo do 40% para menores de 36 anos
- Elévanse os prezos máximos de venda das vivendas protexidas, segundo a zona e o réxime, sendo máis contidos en Vigo, Santiago, A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, así como nos ámbitos derivados dos PIAs en tramitación
- A conselleira María Martínez Allegue anuncia un novo paquete de axudas directas á construción que será convocado en breve, que acadarán ata os 42.500€ por vivenda no caso de vivendas protexidas de réxime especial en ámbitos como, por exemplo, os PIAs de Vigo ou Pontevedra
- A Xunta xa solicitou ao Goberno central a extensión do tipo impositivo súper reducido do IVE que se aplica hoxe ás VPA de réxime especial ao conxunto dos réximes de vivenda protexida

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou a nova Estratexia do impulso da vivenda protexida en Galicia, un conxunto amplo de medidas orientadas a facilitar a construción de máis vivenda protexida en Galicia e a garantir que un maior número de persoas poida acceder a ela.

Esta Estratexia é unha folla de ruta que busca incentivar o acceso, tanto ás vivendas de promoción pública (VPP) construídas pola Xunta, como a que constrúan promotores e cooperativistas, que se cualifiquen como protexidas e, polo tanto, suxeitas a prezos máximos de venda e de alugueiro. Para iso, Rueda resaltou que unha das principais novidades desta Estratexia será “ampliar o limiar máximo de renda” para “que máis xente teña dereito a optar a unha vivenda con protección”.

O Goberno galego mantén como dous dos seus grandes obxectivos en materia de vivenda: duplicar o parque público residencial e habilitar solo onde poder construír ata 20.000 vivendas protexidas mediante colaboración público-privada. Neste sentido, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, lembrou que “a Xunta xa ten en marcha as 4.000 vivendas públicas” comprometidas e ten aprobados inicialmente todos os Proxectos de Interese Autonómico (PIAs) “das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

grandes cidades” (Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña).

A Xunta segue a traballar para que máis persoas poidan acceder ás vivendas construídas, por iso a *Estratexia de impulso da vivenda protexida en Galicia* recolle diversas medidas aprobadas hoxe polo Executivo autonómico, avanzadas polo presidente da Xunta no Debate de Política Xeral.

No ámbito do acceso á vivenda, modifícase o límite máximo de ingresos que ten que ter a unidade familiar para acceder a unha vivenda pública. A modo de exemplo, unha unidade familiar de 3 membros, que anteriormente tiña un límite de 2.250 euros, pasa agora a ter 3.530€. E, por outra banda, unha familia numerosa, que anteriormente tiña 2.570€ como tope, ve incrementado o seu límite ata os 4.154€

O Executivo autonómico, tal e como explicou Allegue, aprobou hoxe tamén o establecemento de reservas mínimas por tramos de idade para garantir un reparto máis equilibrado das vivendas. Nas VPP que se adxudiquen en réxime de compra, mantense a reserva xa en marcha dun 25% para menores de 36 anos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia (RUDVG). E, engadese, a reserva do 30% para persoas de entre 36 e 45 anos con fillos menores a cargo. No caso das vivendas en alugueiro, reservase un mínimo do 40% para menores de 36 anos.

Ademais, e como novidade, a Xunta aprobou o incremento dos limiares de ingresos para acceder á vivenda de promoción autonómica (VPA), é dicir aquela vivenda protexida que constrúen promotores e cooperativistas. Así, unha parella cun fillo, que opte a unha vivenda en réxime especial, que tiña un límite de ingresos de 2.625€, conta agora cun limiar que ascende ata os 3.971€. Ademais, se a mesma parella opta a unha vivenda en réxime xeral, pasa dos 3.750€ que tiña antes de limiar, e sube aos 4.850€.

No que atinxe a promoción, o Goberno galego advertiu da escaseza actual de construción de vivenda protexida, apenas cooperativistas, e grazas ás axudas que convoca a Xunta con fondos exclusivamente autonómicos.

Tal e como indicou M. Allegue, hoxe non é atractivo construír VPA, debido á combinación de moitos factores: altos custos dos materiais, escaseza de man de obra e uns prezos máximos que non cobren os custos reais de execución. Ante esta situación, e tras un proceso de diálogo co sector –promotores, cooperativistas e construtores– e de análise no Observatorio da Vivenda de Galicia, desde a Xunta adoptáronse medidas para reactivar o mercado.

Así, en primeiro lugar, acordouse incrementar os prezos máximos de venda das vivendas protexidas, con incrementos que varían segundo a zona e o réxime, sendo máis contidos nas áreas de maior demanda e con prezos máximos máis elevados, como Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, así como nos ámbitos derivados dos PIAs en tramitación. A modo orientativo, unha vivenda tipo de tres dormitorios e 85

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

m² en Vigo experimenta unha actualización relevante respecto aos valores anteriores, conforme aos novos parámetros.

Non obstante, este axuste non resulta suficiente para garantir a viabilidade das promocións, polo que o Consello da Xunta acordou un novo paquete de axudas directas á construción que será convocado en breve. Estas axudas, permitirán alcanzar importes significativos, de ata 42.500 € por vivenda no caso de vivendas protexidas de réxime especial en ámbitos como, por exemplo, os PIAs de Vigo ou Pontevedra.

Precisamente, estas axudas son superiores en réxime especial –cuxo límite se incrementa ata o 4,5%– porque as VPA de réxime especial son as únicas que teñen un IVE súper reducido. A este respecto a M. Allegue lembrou que a Xunta xa solicitou ao Goberno central a extensión “deste tipo impositivo súper reducido do IVE ao conxunto dos réximes de vivenda protexida”. Nesta liña, Rueda lembrou que a Estratexia tamén contempla medidas “para reducir a carga impositiva nas vivendas protexidas” e incidiu en que a Xunta “bonificará o 100% do imposto de actos xurídicos”.

O paquete de acordos do Goberno galego, complétase coas medidas xa en marcha en Galicia para facilitar a compra e que están plenamente operativas, como o aval mozo e aval á compra de vivenda protexida: cobren ata o 20% do préstamo hipotecario, 20.000 € de axuda directa á compra de VPA en menores de 36 anos, e 16.000 € para maiores desa idade.

A titular de Vivenda concluíu incidindo na necesidade de implicar ao sector privado para garantir o éxito destas políticas, acadando un equilibrio entre a rendibilidade das promocións e a accesibilidade dos prezos para a cidadanía. Neste sentido, Allegue destacou a colaboración co sector como un elemento clave para impulsar a construción de vivenda protexida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 3,4 M€ NA COMPRA DE VACINAS FRONTE AO MENINGOCOCO B CO OBXECTIVO DE INCLUÍR NO CALENDARIO O REFORZO PARA ADOLESCENTES

- Galicia é desde hoxe a primeira comunidade autónoma en administrarllas aos nenos e nenas de 12 anos a protección fronte á forma máis frecuente da meninxite
- Este reforzo supón un aumento de 1,8 M€ no investimento anual destinado a esta vacina
- Esta vacina adminístrase tamén aos dous e aos catro meses, máis unha dose de recordo ao facer un ano
- Estímase que serán necesarias 57.000 doses anuais para cubrir o conxunto da poboación albo
- A enfermidade meningocócica, aínda que pouco frecuente, pode ser grave e deixar secuelas permanentes, como danos neurolóxicos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o contrato para a subministración sucesiva da vacina fronte á meninxite B por un importe de 3.438.240 euros, que inclúe un incremento de 1,8 millóns para facer posible a administración dun reforzo desta vacina aos 12 anos.

Desde hoxe, todos os nenos e nenas que acudan ao centro de saúde á revisión dos 12 anos recibirán xa a nova dose fronte ao meningococo B. Galicia convértese así na primeira comunidade que amplía a protección na adolescencia.

A vacinación fronte a esta enfermidade bacteriana xa estaba prevista no calendario de inmunización aos dous e aos catro meses, máis unha dose de recordo ao facer un ano. Agora, as nenas e os nenos que non teñan esa pauta completa recibirán dúas doses aos 12 anos e, o resto, unha soa dose.

Ademais, ofrécese tamén a menores de 65 anos con riscos de contraer infección de transmisión sexual, porque a vacina confire un grao de protección cruzada fronte ao gonococo. Este beneficio tamén poderá repercutir agora en adolescentes, nunha etapa vital onde as infeccións de transmisión sexual representan un desafío crecente. A protección fronte á gonorrea supón un beneficio secundario de enorme importancia para a saúde pública xuvenil.

Estímase que serán necesarias 57.000 doses anuais para cubrir toda a poboación albo.

O investimento a partir do próximo ano, coa incorporación xa establecida de adolescentes de 12 anos desde xaneiro, pasará a ser aproximadamente de 4.700.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia foi pioneira na posta en marcha de medidas contra esta doenza, incluíndo historicamente vacinas como a do meningococo C, ACWY e, máis recentemente, a do meningococo B en lactantes.

A protección da adolescencia constitúe o paso final e necesario para o cumprimento do obxectivo da Organización Mundial da Saúde de derrotar a meninxite como problema de saúde pública en 2030. Ademais, a inclusión da vacina fronte ao meningococo B, preferentemente aos 12 anos, é unha recomendación do Comité asesor de vacinas da Asociación Española de Pediatría.

Situación epidemiolóxica

Segundo os datos de vixilancia epidemiolóxica correspondentes ao ano 2025, en España rexistráronse 144 casos de enfermidade meningocócica por serogrupo B, o que supón unha taxa de incidencia de 0,30 casos por 100.000 habitantes.

En Galicia hai un descenso sostido de casos, sobre todo desde o ano 2000. Este descenso é máis evidente na poboación infantil e xuvenil, compatible co impacto positivo da vacinación na infancia, ademais doutros factores.

Na tempada 2024-2025 detectáronse 11 casos de enfermidade meningocócica polo serogrupo B: 2 casos en menores dun ano, 1 caso de 1-4 anos, 1 caso de 5-9 anos, 2 casos no grupo de 10-14 anos, 1 caso de 25-44 anos, 1 caso de 45-64 anos e 3 maiores de 65 anos.

A transmisión da enfermidade meningocócica invasiva prodúcese a través do contacto directo coas secrecións respiratorias dunha persoa infectada. O meningococo pode colonizar a nasofarinxe de forma asintomática durante períodos prolongados.

Unha proporción relevante da poboación pode ser portadora nasofarínxea en determinados momentos, aínda que menos do 1 % destas persoas desenvolverá finalmente enfermidade invasiva.

A meninxite é unha das enfermidades infecciosas máis graves, cunha mortalidade de arredor do 10 % e secuelas permanentes, como amputacións ou danos neurolóxicos ata no 20 % dos superviventes.

Trátase dunha enfermidade pouco frecuente pero de extrema gravidade, caracterizada por unha evolución rápida e potencialmente mortal. Pode manifestarse principalmente en forma de sepsis ou meninxite, aínda que tamén pode dar lugar a outras presentacións clínicas graves, con importantes secuelas a longo prazo nos superviventes, como discapacidade neurolóxica, perda auditiva ou amputacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 7 M€ A COMPRA DE MATERIAL PARA AS PROBAS ANALÍTICAS DAS DOAZÓNS DE SANGUE QUE LEVAN A CABO OS LABORATORIOS DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

- O obxectivo é dispor de sistemas coa maior sensibilidade e automatización para a realización das probas analíticas e cribado de axentes infecciosos no sangue das doazóns
- Posibilitase así a análise de todas as doazóns de sangue rexistradas en Galicia, que supoñen arredor de 105.000 achegas anuais
- O contrato autorizado hoxe terá unha duración inicial de catro anos
- Grazas á solidariedade da cidadanía, Galicia sitúase entre as primeiras comunidades en índice de participación, cunha taxa de 39 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, tres puntos por riba da media estatal

O Consello da Xunta autorizou, cun importe de 7.081.573 euros e por un período inicial de catro anos, a compra do material necesario para a realización das técnicas analíticas que precisa o laboratorio de procesamento analítico da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS).

O valor estimado do contrato autorizado hoxe ascende a 8.778.810 euros, atendendo á unha posible prórroga por doce meses.

A través desta licitación garantirase a subministración de sistemas, co máximo nivel de sensibilidade que é posible garantir na actualidade, para as probas analíticas e cribado de axentes infecciosos no sangue das doazóns recollidas por ADOS (hepatites B e C, VIH, virus do Nilo occidental, malaria, chagas, sífilia, etc.). Tamén comprende a realización de probas que permitan a realización de técnicas de detección xenómica (NAT) simultánea dos virus das hepatites B e C e de VIH.

Polo tanto, o obxecto desta contratación é a subministración sucesiva de reactivos, material funxible e cesión de equipamento principal e auxiliar, así como o seu mantemento, para a realización das determinacións analíticas requiridas ao estudo das doazóns de sangue, que se realizarán nos laboratorios da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, respectando os máis exixentes estándares de calidade e seguridade.

Cómpre lembrar que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) dispón da máxima certificación de calidade ISO 9001:2015, certificación ISO 31000 de Xestión do Risco, así como as acreditacións de calidade outorgadas polo Comité de Acreditacións da Transfusión (CAT) e a European Federation for Immunogenetics (EFI).

A través deste contrato posibilitase o labor de análise de todas as doazóns de sangue rexistradas na Comunidade, que supoñen arredor de 105.000 achegas anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Grazas á solidariedade da cidadanía, Galicia sitúase entre as primeiras comunidades en índice de participación, cunha taxa de 39 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, tres puntos por riba da media estatal.

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, así como a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes na lexislación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O PROXECTO PIONEIRO DO REXISTRO GALEGO DE PERSOAS CENTENARIAS CO FIN DE AFONDAR NOS FACTORES DA LONXEVIDADE E OPTIMIZAR A ASISTENCIA

- A Consellería de Sanidade inicia a tramitación do futuro Regace como un sistema de información sociodemográfica, clínico-epidemiolóxica e estatística de gran valor sanitario
- Serán obxecto de inscrición no Rexistro aquelas persoas que teñan cen ou máis anos, con aseguramento público ou privado e con residencia na comunidade
- Galicia é a comunidade con máis centenarios de España, cunha cifra estimada de persoas centenarias que supera as 1.500
- Atendendo aos últimos datos do Instituto Galego de Estatística, a esperanza de vida en Galicia situábase no ano 2024 en 81,19 anos para os homes e 86,83 para as mulleres, que supera, nos dous casos, a media estatal
- Regace proporcionará información epidemiolóxica relacionada coas persoas centenarias, así como cos seus factores determinantes asociados
- Tamén fomentará unha atención máis personalizada ás persoas centenarias e promoverá a difusión de información relevante para a súa atención
- O persoal sanitario dos centros sanitarios públicos e privados de Galicia que diagnostique, trate ou realice o seguimento de persoas centenarias poderá notificarlle ao Regace os datos e a información a través dun sinxelo sistema habilitado

A Xunta impulsa a creación do Rexistro galego de persoas centenarias, un proxecto pioneiro que permitirá obter información sociodemográfica, clínico-epidemiolóxica e estatística de suma importancia para afondar nos factores da lonxevidade e optimizar a atención sanitaria que se lles presta.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación da orde pola que se crea o Rexistro galego de persoas centenarias, Regace, e se regula o seu funcionamento.

O Regace permitirá a recollida e a análise dos datos determinantes da lonxevidade das persoas centenarias que residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de avanzar no seu estudo científico.

Serán obxecto de inscrición no Rexistro aquelas persoas que teñan cen ou máis anos, con aseguramento público ou privado, con residencia na Comunidade.

O Rexistro estará adscrito á Consellería de Sanidade, a través do órgano directivo con competencias en materia de planificación sanitaria, e integrado como sistema específico na Rede galega de vixilancia en saúde de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Rexistro estará sometido ao principio de confidencialidade e ao respecto da normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal. Así, os datos que consten no Rexistro deben ser adecuados, pertinentes e limitados aos necesarios en relación cos fins do Regace.

O persoal sanitario dos centros sanitarios públicos e privados de Galicia que diagnostique, trate ou realice o seguimento de pacientes que teñan a condición de persoas centenarias, poderá notificarlle ao Regace os datos e a información a través dun sinxelo sistema habilitado para tal fin.

Galicia é a comunidade con máis centenarios de España. En concreto, a cifra estimada de persoas centenarias en Galicia ascende a máis de 1.500, o que supón un 10,7 % da poboación centenaria do Estado.

Cómpre remarcar que, atendendo aos últimos datos do Instituto Galego de Estatística, a esperanza de vida en Galicia se situaba, no ano 2024, en 81,19 anos para os homes e 86,83 para as mulleres, que supera, nos dous casos, a media estatal.

Funcións do Regace

Tal e como se recolle na orde, serán funcións do Regace recoller, integrar e analizar os datos procedentes das fontes de información determinadas, coa finalidade de obter datos sociodemográficos e clínico-epidemiolóxicos.

Tamén deberá normalizar a información de acordo coas pautas homologadas no ámbito estatal e internacional e avaliar e mellorar o Rexistro, mantendo unha información fiable, completa e actualizada sobre as persoas centenarias que teñan a súa residencia no territorio da comunidade autónoma.

Ademais, realizará estatísticas, informes periódicos e publicacións co fin de mellorar o coñecemento relativo á lonxevidade, integrando a información no Observatorio Galego de Saúde Pública.

Deste xeito, contribuirá ao desenvolvemento de liñas de investigación prioritarias sobre a lonxevidade que sexan obxecto de rexistro e con calquera outra actividade que redunde no seu mellor coñecemento; proporcionará información epidemiolóxica sobre a incidencia e prevalencia das persoas centenarias, así como ao dos seus factores determinantes asociados, e permitirá dispor do coñecemento suficiente para orientar a planificación e xestión sanitaria, as actividades preventivas e asistenciais no ámbito das persoas centenarias.

Ferramenta clave

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Regace supón unha ferramenta clave para afrontar os retos derivados da lonxevidade extrema na Comunidade. Así, o coñecemento detallado da poboación centenaria permitirá dispor dun censo clínico, epidemiolóxico e estatístico das persoas centenarias, por idade, sexo ou outras variables que poidan resultar de utilidade en distintas agrupacións xeográficas, e a súa evolución ao longo do tempo.

Tamén permitirá o Rexistro facilitar a información necesaria para orientar a planificación e xestión sanitaria e a avaliación das actividades asistenciais orientadas ás persoas centenarias, ademais de contribuír á identificación dos grupos de poboación de maior probabilidade de acadar a condición de persoa centenaria.

Xunto ao anterior, o Regace posibilitará apoiar o fomento da atención personalizada ás persoas centenarias e promover a difusión da información relevante para a súa atención ao persoal sanitario, non sanitario e á poboación xeral, e difundir os resultados de interese a nivel internacional.

Así mesmo, grazas a Regace, Galicia colaborará coas institucións españolas, europeas e internacionais na contribución ao coñecemento da situación da lonxevidade da poboación e fomentará a investigación e a formación relacionada coa atención das persoas centenarias, especialmente dos factores determinantes da lonxevidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DA COLECCIÓN MARGARITA LEDO NO CONCELLO DE CASTRO DE REI

- O Consello dá o visto e praxe para integrar estes fondos xestionados pola Fundación Margarita Ledo no Sistema Galego de Museos
- O espazo busca difundir o legado literario, artístico, fotográfico e filmográfico da autora, ademais de actuar como motor cultural na comarca
- Súmase aos 98 espazos da rede da Xunta de Galicia, que distingue 71 museos, catro centros de interpretación do patrimonio cultural e 23 coleccións

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo para a creación e cualificación da Colección Museográfica Margarita Ledo Andión, xestionada pola fundación homónima e que pasará así a integrarse no Sistema galego de centros museísticos. Trátase dun espazo que estará dispoñible no concello de Castro de Rei e que estará dedicado a difundir o coñecemento da figura da escritora e cineasta e do seu legado literario, artístico, fotográfico e filmográfico, converténdose no primeiro centro museístico do sistema dedicado a unha intelectual contemporánea.

Para a súa incorporación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tivo en conta o papel do centro como dinamizador da vida social e cultural da vila de Castro de Rei, esencialmente rural, achegando a toda a comarca a obra de artistas do panorama actual xa recoñecidos e outros que empezan a destacar, e favorecendo a inclusión neste territorio, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Deste xeito, esta nova incorporación súmase ás 23 coleccións rexistradas actualmente nesta rede e que se corresponden con aquelas que, sen reuniren os requisitos propios para funcionar como un museo, si cumpren con criterios museográficos, aos 71 museos e aos catro centros de interpretación do patrimonio cultural existentes na nosa Comunidade.

Así, o legado titularidade da Fundación Margarita Ledo Andión gozará do recoñecemento que supón estar baixo o paraugas deste sistema, podendo acceder a convocatorias de axudas específicas, participando en xornadas técnicas e contando coa garantía de que cumpre con todos os requisitos en canto a instalacións e plan museolóxico, o documento que recolle todos os programas necesarios para o desenvolvemento dunha colección museográfica, determinando as áreas de funcionamento, prioridades e necesidades.

Un legado que vai de escultura a fondos filmográficos

A colección museográfica Margarita Ledo está formada por obras de arte contemporánea de artistas, tanto galegos como nacionais e internacionais, e inclúe pinturas, gravados, fotografías, esculturas, cerámicas e fondos filmográficos. Conta, ademais, cunha importante biblioteca especializada en arte contemporánea, cinema e fotografía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A FORMACIÓN ÁXIL E Á CARTA DO TECIDO PRODUTIVO CUNHA NOVA ORDE DE 2,2 M€ DOS BONOS TALENTO EMPRESA TRAS BENEFICIAR 3.200 TRABALLADORES

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a cuarta edición destas axudas para a posta en marcha de accións non regradas e de curta duración adaptadas ás necesidades específicas de cada empresa e dirixidas aos seus cadros de persoal
- Como novidade, increméntase en 200.000 euros o orzamento anterior para dar resposta á crecente demanda por parte das empresas, acumulando na actualidade máis de 500 cursos realizados e preto de 3.200 persoas participantes
- A iniciativa destaca pola súa flexibilidade, xa que se poden solicitar ata tres accións formativas, cada unha de entre 16 e 100 horas, que poderán ser adaptadas no nivel de contidos, programas ou persoal docente segundo o que precise cada compañía
- Ademais, a orde alíñase co enfoque do novo Marco galego de microcredenciais para o traballo, xa en vigor e en fase de desenvolvemento, que lles permitirá ás empresas crear formación curta, práctica e certificada segundo as súas necesidades
- Coa reedición desta orde, a Xunta continúa a reforzar a súa estratexia a prol das microformacións como ferramenta para impulsar a competitividade, especialmente en sectores estratéxicos, e potenciar a recualificación das persoas traballadoras

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á cuarta convocatoria dos Bonos Talento empresa, unha iniciativa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dotada con 2,2 M€ para a posta en marcha de accións formativas non regradas e de curta duración —entre 16 e 100 horas— adaptadas ás necesidades específicas de cada empresa e dirixidas a mellorar os coñecementos e competencias dos seus cadros de persoal.

Co lanzamento desta nova edición —coa cal se prevé beneficiar 130 empresas e formar arredor de 1.500 persoas— a Xunta consolida a súa aposta polas microformacións non regradas —complementando o resto de oferta formativa de carácter formal— como ferramenta estratéxica para ofrecerlle ao tecido produtivo unha resposta áxil, flexible e á medida nun contexto laboral marcado por cambios cada vez máis acelerados, especialmente en sectores como o dixital, o industrial, a xestión empresarial, os servizos persoais e á clientela ou as tecnoloxías limpas. Ao tempo, contribúe a impulsar a recualificación e a actualización continua das persoas traballadoras, reforzando a súa empregabilidade ao longo da vida laboral.

Ademais, cómpre salientar que esta orde conecta plenamente tanto coas directrices marcadas pola Unión Europea como co enfoque do novo Marco galego de microcredenciais para o traballo —xa en vigor e actualmente en fase de desenvolvemento normativo para a súa implantación progresiva nos vindeiros meses—, que fixa as bases para deseñar, impartir, avaliar e certificar este tipo de formación curta e aliñada coa demanda real do tecido produtivo, garantindo a súa calidade, utilidade e recoñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto de profunda transformación do modelo formativo, a convocatoria incrementa, ademais, o seu orzamento en 200.000 euros respecto das edicións anteriores para dar resposta á crecente demanda desde a súa posta en marcha en 2023, o cal reflicte o interese crecente por este tipo de accións. O programa amosa así unha evolución en continuo ascenso, tanto no número de solicitudes como na oferta formativa mobilizada, e acumula na actualidade máis de 500 cursos realizados e preto de 3.200 persoas participantes.

Detalles da convocatoria

Poden solicitar estas axudas á carta empresas de calquera tamaño e autónomos con persoal contratado. O importe subvencionable dependerá do tamaño da firma, cun máximo de 25.000 euros por entidade.

A iniciativa – cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027– destaca pola súa sinxeleza administrativa, exixindo só uns requisitos mínimos: que as entidades solicitantes teñan centro de traballo en Galicia e tres anos de antigüidade, e que as persoas participantes sexan traballadores/as en activo da entidade solicitante. Outra das súas principais vantaxes é que se trata dunha formación non formal e, polo tanto, non suxeita aos requisitos doutras liñas de formación máis rixidas.

En consecuencia, os proxectos formativos –de modalidade presencial e compostos por un máximo de tres accións, cada unha de entre 16 e 100 horas– poderán adaptarse no relativo a contidos, programas, persoal docente ou lugar de realización segundo as necesidades concretas de cada solicitante.

No que respecta á realización das accións formativas, no caso da anualidade 2026 poderán impartirse desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG ata o 31 de outubro. As realizadas desde o 1 de novembro de 2026 –e ata o 30 de setembro– computarán no ano 2027. A orde, de carácter bianual, publicarase nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e o prazo de presentación será de dous meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,3 M€ Á TRANSFORMACIÓN DE EMPRESAS E Á INTEGRACIÓN DE AUTÓNOMOS EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS CUN FOCO NA REMUDA XERACIONAL

- O Consello da Xunta aprobou a nova orde de ES-Transforma, con axudas de ata 46.000 euros e incentivos no rural, para fomentar a pervivencia no territorio de empresas viables mediante a súa conversión en entidades de economía social
- Deste xeito, o programa apoia que as persoas traballadoras asuman a xestión das súas empresas a través destas fórmulas no caso de cesamento de actividade por causas como xubilación, incapacidade ou falecemento da persoa titular
- Así mesmo, foméntase tamén a unión de persoas traballadoras autónomas en cooperativas ou sociedades laborais, reforzando a súa capacidade económica e financeira e a súa fortaleza empresarial
- As entidades beneficiarias poderán acceder a anticipos de ata o 80% co fin de facilitar o financiamento inicial dos proxectos, no marco dun modelo que xera emprego de calidade e impacto no territorio
- En 2025, preto de 90 entidades resultaron beneficiarias destas axudas, nun contexto en que o 24% das novas cooperativas procederon dunha transformación empresarial, porcentaxe que acada o 78% no caso das sociedades laborais

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova convocatoria de axudas ES-Transforma para o ano 2026, dotada con máis de 2,3 millóns de euros, destinada a impulsar a creación de cooperativas e sociedades laborais, tanto para facilitar a continuidade de negocios sen remuda xeracional como para favorecer novas iniciativas de emprendemento colectivo no marco da economía social, ofrecendo así unha alternativa sólida de emprego estable e con arraigamento no territorio.

Ademais, co obxectivo de achegar maior axilidade ao financiamento destes proxectos, as entidades beneficiarias poderán percibir anticipos de ata o 80% da axuda concedida, facilitando a posta en marcha e consolidación das iniciativas. Trátase dun modelo que, ademais de xerar emprego de calidade, contribúe a fixar actividade económica e a mellorar o benestar social.

As achegas poderán acadar os 46.000 euros por entidade, incluídos os incentivos adicionais —entre outros supostos— para proxectos que se desenvolvan no rural. A convocatoria diríxese, en particular, a persoas desempregadas que, tras o cesamento de actividade da súa empresa por xubilación, incapacidade ou falecemento da persoa titular, opten por continuar coa actividade mediante a constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral. Así mesmo, foméntase a unión de persoas traballadoras autónomas con actividade económica preexistente nestas fórmulas —reforzando a súa capacidade económica e financeira—, así como a implicación directa dos cadros de persoal na continuidade das empresas, favorecendo que sexan as propias persoas traballadoras as que asuman a titularidade e acheguen o seu coñecemento e experiencia á xestión. Deste xeito, a Xunta reforza a actividade económica e o emprendemento ligado ao territorio,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao tempo que consolida a economía social como unha vía eficaz e viable para manter e crear emprego a través dun modelo máis sustentable, resiliente e participativo, no cal as persoas están no centro.

En 2025, preto de 90 entidades foron beneficiarias destas axudas —45 novas cooperativas e 42 sociedades laborais—, constituídas na súa maioría por persoas autónomas. Cómpre salientar, ademais, que o 24% das cooperativas creadas o pasado ano foron resultado dunha transformación empresarial, porcentaxe que ascende a preto do 78% no caso das sociedades laborais.

Detalles da convocatoria

As axudas —que se publicarán no DOG nas vindeiras semanas— están dirixidas a cooperativas e sociedades laborais creadas nos tres anos anteriores á presentación da solicitude, nos supostos xa indicados. O programa subvenciona ata o 80 % dos custos no caso de iniciativas por ausencia de remuda xeracional e ata o 60% para as promovidas por persoas autónomas ou mediante transformación de sociedades, cun máximo de 46.000 euros por entidade.

Entre os conceptos subvencionables inclúense gastos de asesoramento legal, rexistro, notarías e informes; desenvolvemento da imaxe corporativa; certificacións de calidade; accións de márketing e comunicación, ou plans de protección de datos. Tamén se apoian investimentos en equipamento informático, desenvolvemento web, eficiencia enerxética, reformas e mobiliario de locais ou elementos de transporte. A contía poderá incrementarse en 2.000 euros en supostos como a localización no rural, a participación maioritaria de mulleres ou en sectores onde estean subrepresentadas, así como a presenza maioritaria de persoas menores de 30 anos, maiores de 45, emigrantes retornadas, con discapacidade ou persoas trans.

Pulo á economía social

A iniciativa enmárcase na aposta do Executivo galego a prol da economía social, ámbito para o cal este ano ten de orzamento case 45 M€, ao abeiro da vixente Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, baixo a cal tamén se engloban outros apoios para incrementar a competitividade das diferentes entidades, entre eles o programa A prol Economía Social (5 M€) aberto ata o 16 de setembro. Nesta mesma liña, Galicia tamén avanza na nova Lei de cooperativas, que se aprobará proximamente e que ten como obxectivo facilitar a creación de novas entidades, impulsar a súa presenza en todos os sectores produtivos e favorecer a profesionalización e dixitalización das xa existentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA 8,6 M€ PARA FOMENTAR A COMPRA DE MAQUINARIA DE BAIXO CONSUMO E AGRICULTURA DE PRECISIÓN DENTRO DO PAQUETE DE APOIO AO SECTOR PRIMARIO ANTE A GUERRA EN ORIENTE MEDIO

- As achegas enmárcanse dentro das medidas impulsadas polo Executivo autonómico para axudar os sectores que se están a ver máis afectados por este conflito
- O seu obxectivo é favorecer a modernización dos equipos das explotacións e fomentar nelas o uso de tecnoloxías que permitan unha utilización máis eficiente dos recursos naturais nos procesos produtivos
- Publicaranse no DOG durante a primeira quincena do mes de maio e van dirixidas a titulares de explotacións agrarias e tamén a aquelas persoas mozas que se establezan por primeira vez no agro e que contén cun plan empresarial que inclúa actuacións ambientais
- A través destas achegas poderá adquirirse maquinaria agrícola que optimice a xestión de recursos, así como aquela relacionada coa xestión eficiente de esterco e xurro ou coa aplicación de fertilizantes e produtos fitosanitarios
- Prevese un total de 19,4 millóns de euros para o sector primario, un orzamento que inclúe estas achegas, avaliadas hoxe polo Consello da Xunta, así como fondos para a promoción agroalimentaria

A Consellería do Medio Rural vai convocar achegas dotadas cun orzamento de 8,6 millóns de euros para promover a adquisición de maquinaria de baixo consumo con tecnoloxía 4.0 para agricultura de precisión. A convocatoria enmárcanse no paquete de medidas impulsado polo Executivo galego para axudar os sectores que se están a ver máis afectados pola guerra en Oriente Medio.

Esta iniciativa prevé un total de 19,4 millóns de euros para o sector primario, un orzamento que inclúe estas achegas, avaliadas hoxe polo Consello da Xunta. Os 10,8 millóns de euros restantes irán dirixidos á estratexia de promoción agroalimentaria, especialmente para levar a cabo iniciativas orientadas ao fortalecemento das cadeas curtas de comercialización, á valorización do produto local, á rastrexabilidade e á diferenciación dos produtos agroalimentarios galegos nos mercados.

Deste xeito, o obxectivo é favorecer a modernización dos equipos das explotacións e fomentar nelas o uso de tecnoloxías que permitan unha utilización máis eficiente dos recursos naturais nos procesos produtivos. Con elas, preténdese tamén promover a incorporación nas granxas de equipamento máis eficiente enerxeticamente, o que contribúe a aumentar a rendibilidade ambiental do sector agrario. Todo isto redundará tamén de forma positiva na redución de gases de efecto invernadoiro.

Estas axudas terán repercusións moi positivas no tecido agrario galego, que se está a ver afectado pola guerra en Oriente Medio, especialmente por mor do encarecemento dos custos enerxéticos e das disrupcións nas cadeas de subministración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prevese que a convocatoria se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) durante a primeira quincena do mes de maio, e poderán solicitálas os titulares de explotacións agrarias. Tamén poden ser beneficiarias aquelas persoas mozas que se establezan por primeira vez no agro e que contén cun plan empresarial que inclúa actuacións ambientais.

A través destas achegas poderá adquirirse maquinaria agrícola que optimice a xestión de recursos, como é o caso do carro mesturador con análise Nir da ración, tractor con clasificación enerxética A e robot, así como aquela relacionada coa xestión eficiente de esterco e xurro, e coa aplicación de fertilizantes e produtos fitosanitarios. Tamén se poderán financiar os compoñentes de agricultura de precisión que sexan necesarios para adaptar os equipos existentes na explotación.

Plan estratéxico da política agraria común 2023-2027

Estas achegas enmárcanse no Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 e están cofinanciadas nun 60 % con fondos Feader, nun 12 % pola Administración xeral do Estado e nun 28 % pola Xunta de Galicia. O orzamento total está dividido en dúas anualidades, con 5,7 millóns de euros para a de 2026 e 2,9 millóns para a de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A XESTIÓN DOS RECURSOS DA PESCA ARTESANAL CON AXUDAS QUE ASCENDEN A 5,1 M€

- Co fin de que estes apoios, cofinanciados co Fempa, cheguen ao maior número de entidades, os beneficiarios non terán que presentar aval nin a garantía de pagamentos á conta
- Previstas para este ano e o vindeiro, afondan na sustentabilidade da explotación da pesca e o marisqueo practicados con esta modalidade
- Serán proxectos subvencionables os relacionados co desenvolvemento e a vixilancia de medidas que garantan a actividade a longo prazo e que melloren o coñecemento sobre o medio mariño

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de 2026 e a simplificación dos pagamentos á conta das axudas destinadas a mellorar a xestión da pesca costeira artesanal, e que están dotadas con 5,1 millóns de euros.

A Consellería do Mar pon á disposición do sector estas achegas no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa). Concederanse en réxime de concorrencia competitiva e están dirixidas a reducir os impactos negativos sobre o medio mariño, xa que o seu obxectivo é garantir a sustentabilidade na explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, asegurando a súa actividade a longo prazo con medidas de xestión baseadas en sistemas de recollida de información sobre o estado dos recursos que melloren o coñecemento sobre o medio.

As axudas, financiadas nun 70 % polo Fempa e nun 30 % polo Goberno galego, teñen un período de aplicación que se estende ata 2027. A distribución orzamentaria por cada anualidade é de 2.533.000 euros neste exercicio e de 2.567.000 no vindeiro.

Financiarán proxectos ás entidades colectivas sen ánimo de lucro para desenvolver medidas técnicas e de vixilancia de interese colectivo para toda a pesca costeira artesanal. Así, os posibles beneficiarios serán tanto as entidades coxestoras dos plans de xestión dos recursos mariños como as organizacións de produtores de base do sector pesqueiro, as corporacións de dereito público de base asociativa e as entidades asociativas representativas deste réxime; todas de ámbito autonómico.

Actuacións concretas

Neste sentido, as entidades colectivas beneficiarias deberán levar a cabo algunha destas actividades: desenvolvemento de medidas técnicas de xestión e vixilancia, de carácter administrativo e/ou integración co sector; seguimento do estado dos recursos aplicable á xestión de pesqueiras, incluíndo especies comerciais e accesorias, e sistemas de recollida de información do estado dos recursos que mellore o seu coñecemento e a xestión sustentable.

Polo que respecta aos traballos de asistencia técnica, destacan a elaboración e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguimento, optimización e control dos plans de coexistión de recursos mariños vivos; a formación de pescadores, orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor administración e conservación dos ecosistemas en que viven; o aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos pescadores; a contribución á vixilancia epidemiolóxica (envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras), e a colaboración cos técnicos da Consellería do Mar nos asuntos relacionados directamente coa xestión, restauración dos ecosistemas e mellora da produtividade dos bancos marisqueiros.

No caso dos labores de vixilancia, serán traballos de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Levaranse a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca e deberán ser comunicados ao Servizo de Gardacostas. Entre as accións que se van executar inclúense a programación semanal das actividades de vixilancia e control, que se deberá realizar, cando menos, cunha semana de antelación; a comunicación ao dito ente, no prazo máximo dunha semana desde que se produza o feito, do inicio, interrupción e finalización da prestación dos servizos; ou a remisión dos datos e informes que Gardacostas lles requira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN OPERATIVO DA UNIDADE DE ELITE DE AXENTES AMBIENTAIS PARA GARANTIR UNHA RESPONSA INMEDIATA ANTE POSIBLES AMEAZAS Á BIODIVERSIDADE

- A posta en marcha da Unidade de investigación para a conservación da natureza supón un salto cualitativo na salvagarda e vixilancia avanzada do patrimonio natural
- A UICON caracterízase pola alta capacitación técnica dos seus membros, pola rapidez da súa capacidade de resposta -con mobilidade total para atender emerxencias de xeito inmediato en calquera punto da Comunidade- e polo seu efecto disuasorio
- Desenvolverá o seu labor en seis áreas principais: plans de loita contra o furtivismo e o veneno, control de especies exóticas invasoras, verteduras incontroladas, benestar animal e xestión de fauna silvestre
- Os integrantes desta unidade disporán de vehículos 4x4 e outros camuflados para servizos especiais; sistemas de xeolocalización permanente; equipamento de vixilancia aérea; sensores e visores nocturnos, e material de defensa e persoal

O Consello da Xunta tomou hoxe razón do Plan operativo da Unidade de investigación para a conservación da natureza (UICON) para garantir unha resposta inmediata ante posibles ameazas á biodiversidade de Galicia. A posta en marcha deste equipo supón un salto cualitativo na salvagarda e vixilancia avanzada do patrimonio natural.

Esta unidade de elite, que comezou a operar o pasado mes de febreiro, ten como obxectivo abordar materias que, pola súa complexidade e carga de traballo, requiren dunha especial dedicación, coñecementos específicos, habilidades e competencias particulares, así como dunha coordinación e estratexia única en todo o territorio galego.

Deste xeito, a UICON caracterízase pola alta capacitación técnica dos seus membros, pola rapidez da súa capacidade de resposta -con mobilidade total para atender emerxencias de xeito inmediato en calquera punto da Comunidade- e polo seu efecto disuasorio, xa que a presenza dunha unidade de investigación dificulta a actividade delituosa.

En concreto, este equipo, que disporá de medios tecnolóxicos de última xeración, exercerá sobre o terreo labores de vixilancia e inspección. Ademais, realizará funcións de investigación e intervención inmediata de forma coordinada ante calquera incumprimento da normativa ambiental en que os axentes ambientais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sexan competentes.

Nesa liña, os axentes que forman parte deste grupo realizarán as investigacións necesarias para determinar a súa autoría, levantarán as actas para dar fe das comprobacións realizadas, efectuarán comisos e darán traslado aos servizos xurídicos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da Consellería e á Fiscalía de Medio Ambiente de todas as probas e actos realizados no caso de que se trate dun presunto ilícito penal.

Máis polo miúdo, a UICON desenvolverá o seu labor en seis áreas principais: plans de loita contra o furtivismo e o veneno, control de especies exóticas invasoras, verteduras incontroladas, benestar animal e xestión de fauna silvestre.

No que atinxe á loita contra o furtivismo, os axentes desta unidade terán como obxectivo disuadir, erradicar e determinar a autoría de accións ilegais contra a biodiversidade, con especial atención aos espazos protexidos, zonas con presenza de flora e fauna catalogada, áreas en que se practique a pesca continental e terreos onde se realicen accións cinexéticas. A UICON tamén viviará e investigará o uso de veneno no medio natural.

Ademais, a UICON será especialmente sensible para garantir o benestar animal e realizará inspeccións, investigacións e os comisos necesarios para evitar episodios de maltrato de animais de compañía; tamén SERÁ un obxectivo prioritario a comprobación da identificación deses exemplares para evitar posibles casos de abandono.

En canto á fauna silvestre, este equipo recuperará e trasladará exemplares feridos aos centros de recuperación que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten nas catro provincias e, se técnica e legalmente se determina, podería exercer accións de control e xestión para evitar danos á agricultura, a gandaría ou á poboación.

A maiores, a UICON ocuparase de identificar, controlar e elaborar informes e estratexias para erradicar especies exóticas invasoras, e de detectar, prever, denunciar e realizar o protocolo de toma de mostras das verteduras incontroladas no medio natural.

Os axentes desta unidade tamén participarán en continxencias ambientais, cando se requira a súa presenza no marco do Plan territorial de emerxencia da Xunta, e axudarán a calquera Administración pública e corpos de seguridade que así o soliciten ao tempo que lles prestará o seu auxilio nas distintas áreas da súa competencia.

Medios tecnolóxicos e formación especializada

Para desenvolver estas funcións, a UICON disporá de medios tecnolóxicos de última xeración con equipamento de vixilancia aérea -drons de alta definición e sensores de temperatura para buscas nocturnas e inspección de zonas húmidas inaccesibles-, e con medios de defensa e seguridade persoais, como chalecos antibala, armamento de defensa ante fauna e sistemas de primeiros auxilios avanzados.

Así mesmo, por motivos de seguridade operativa os axentes da UICON disporán dun sistema de comunicación con emisoras TETRA con xeolocalización permanente tanto nas radios portátiles como nos vehículos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao transporte, contarán con vehículos 4x4 de alta potencia con preparación para terreos extremos, luces v1 -dispositivo luminoso azul para servizos de emerxencia- e rotulación institucional. Cómpre indicar que tamén disporán de autorización para o uso de vehículos camuflados para investigacións que así o requiran.

No que respecta aos axentes que integran a Unidade de investigación para a conservación da natureza, contan con formación específica en criminalística ambiental, en manexo e captura de fauna, e en manexo de tecnoloxía de vixilancia, e complementarán o traballo que realizan os 170 axentes ambientais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE 1,3 M€ A SEIS PROXECTOS DE I+D+I QUE SE LEVARÁN A CABO CON SOCIOS DE VARIAS REXIÓNS EUROPEAS

- Participarán a Universidade de Vigo, o centro tecnolóxico CTAG e oito empresas dos concellos de Vigo, O Porriño, Mos, Redondela, Lugo e A Pontenova
- Desenvolverán iniciativas sobre impresión 3D, bioeconomía, intelixencia artificial ou enerxía offshore con 12 socios de Italia, o Reino Unido, Austria, Romanía e Portugal
- Posibilitarán avances para obter mellores servizos, tecnoloxías máis sustentables para o ambiente e produtos que melloren a calidade de vida dos galegos

A Xunta reforza a súa aposta pola internacionalización en áreas punteiras da I+G+i, a ciencia e a innovación feitas en Galicia. En concreto, destinará 1,3 M€ a apoiar que 10 entidades galegas desenvolvan seis proxectos en colaboración con varias rexións europeas. O Consello abordou hoxe un informe da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP sobre a próxima resolución da convocatoria Vinnovate que posibilitará a cooperación entre universidades, centros tecnolóxicos e empresas da nosa Comunidade con diversos socios de Italia, o Reino Unido, Austria, Romanía e Portugal.

Trátase dunha liña de axudas que cumpre agora a súa segunda edición e cuxo obxectivo é potenciar unha maior presenza exterior da Galicia Calidade, promovendo a realización de proxectos interrexionais de I+D+i altamente competitivos. Isto é posible grazas á integración da Xunta na denominada *Vanguard Initiative*, unha alianza onde Galicia foi en 2015 a primeira comunidade autónoma española adherida. Formada por 35 rexións europeas, esta asociación procura estimular o crecemento de Europa a través da I+D+i unindo as capacidades de diferentes rexións e achegando os fondos necesarios.

En total, foron seleccionados seis proxectos en que participan 10 entidades galegas e oito doutros países. En concreto, a Universidade de Vigo, o centro tecnolóxico CTAG e empresas dos concellos de Vigo, con tres compañías; O Porriño, con dúas, e Mos, Redondela, Lugo e A Pontenova, cada un cunha empresa. Os proxectos financiados englobanse na categoría de desenvolvemento experimental en áreas de coñecemento de moito interese, como produción de alto rendemento a través da impresión 3D, bioeconomía, intelixencia artificial ou fabricación para aplicacións enerxéticas *offshore*.

Axudas de entre 500.000€ e 150.000€

Estes proxectos en áreas de vangarda permitirán realizar avances que se traducirán en mellores servizos, tecnoloxías máis sustentables para o ambiente e produtos que melloren a calidade de vida dos galegos e da sociedade en xeral. Un dos requisitos desta convocatoria é a sustentabilidade, apoiando precisamente iniciativas que reduzan a pegada de carbono e xestionen de xeito máis eficiente os recursos naturais.

Os proxectos, que se levarán a cabo ata setembro de 2028, son realizados por agrupacións de empresas constituídas, como mínimo, por dous socios e, como máximo, por catro, das cales polo menos unha debe ser unha peme cunha participación mínima

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do 30% do orzamento. As entidades aliadas de Galicia neste programa proceden das rexións de Lombardía, Emilia Romagna, Gales, Baixa Austria, nordeste de Romanía e norte de Portugal. As axudas, cofinanciadas con fondos Galicia Feder 2021-2027, poden acadar os 500.000€, cun orzamento mínimo de participación galega de 150.000€.

Os proxectos que reciben axudas da convocatoria Vinnovate, que no caso da nosa comunidade se coordinan desde a Axencia Galega de Innovación, están centrados en ámbitos temáticos aliñados coas estratexias de especialización intelixente de cada rexión, é dicir, áreas en que se están especializando polas súas capacidades específicas.

O obxectivo último deste tipo de traballos é fomentar a creación de empregos de alta calidade. Deste xeito, as empresas e demais entidades participantes poderán xerar novas oportunidades laborais, especialmente en sectores tecnolóxicos avanzados.

Proxectos seleccionados

O centro tecnolóxico CTAG e a empresa Oveun Software&Tech (O Porriño) asóciase con Lombardía no proxecto DynOpTwin, na categoría de fabricación eficiente e sustentable mediante intelixencia artificial, cun orzamento de 274.393€ para as entidades galegas, dos cales a Xunta financia 164.636€: o 60%. Ademais, ambas se unen tamén a un proxecto con entidades do nordeste de Romanía no proxecto BuildSafe de fabricación avanzada e sustentable, para o cal percibirán unha axuda de 254.950€, o 60% do custo, que é de 424.917€.

Pola súa banda, as empresas luguesas Cerna Ingeniería y Asesoría Ambiental (Lugo) e Torres Forestal (A Pontenova) desenvolverán de xeito conxunto con Portugal o proxecto Digiwoodtrace sobre bioeconomía e fabricación eficiente, cun orzamento de 194.364€ dos cales a Xunta financia 116.618€.

O proxecto Focswa, cunha axuda da Xunta de 392.262€, o 50% do custo, desenvolverase entre Magallanes Renovables (Redondela) e Seaplace (Vigo) e Gales, e céntrase en aplicacións enerxéticas *offshore*. En canto ao proxecto Sia3D, cunha axuda de 228.351€ dun orzamento de 380.586€ dos socios galegos, é unha proposta da Universidade de Vigo e a empresa Kreios Space (Vigo), en alianza con entidades da Baixa Austria, e centrarase en produción de alto rendemento a través de impresión 3D.

Finalmente, xunto coa Universidade de Boloña, na rexión de Emilia Romagna, as empresas Industrias Técnicas de Galicia (Mos) e Zeltener (Vigo) realizarán o proxecto Reshape para produción de alto rendemento con impresión 3D a través dunha achega da Xunta de 198.000€, o 60% dos 330.000€ do orzamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A CONSOLIDACIÓN DE GALICIA COMO REFERENTE EN BIOTECNOLOXÍA CON 30 NOVAS EMPRESAS E 670 M€ MOBILIZADOS EN CINCO ANOS

- Salienta que os bos resultados da *Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico 2021-2025* reforzan o posicionamento de Galicia como polo de atracción neste sector, que se completará coa nova estratexia 2026-2030 que se presentará proximamente
- Indica que a facturación do sector en cinco anos ascendeu a 2.037 M€, o que supón “tres veces máis do previsto”, debido á expansión de empresas biotecnolóxicas e á incorporación de firmas tractoras, cun total de 162 compañías activas
- O número de traballadores cualificados “triplicouse” e pasou de 1.868 a 5.693, por riba do obxectivo de incrementar nun 25% a cifra inicial
- Os índices de creación de empresas, o número de investigadores e o gasto en I+D+i sitúan a nosa comunidade como “a segunda máis forte en biotecnoloxía”, só por detrás de Cataluña

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe a consolidación de Galicia como unha rexión de referencia en biotecnoloxía logo da forte aposta por este sector nos últimos cinco anos. Así se pon de relevo no balance da *Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025* presentado hoxe no Consello pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP.

Á vista dos resultados, Rueda salientou que o ecosistema biotecnolóxico galego “logrou mobilizar 670 M€ e creáronse 30 novas empresas biotecnolóxicas na comunidade”, o que sitúa Galicia como “a segunda rexión española con máis puxanza neste sector”, só por detrás de Cataluña. Os bos resultados en facturación, emprego, gasto en I+D ou atracción de capital privado fan que acade unha posición de vantaxe no Estado e reforce tamén o seu posicionamento no ámbito internacional.

A *Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025*, impulsada pola Xunta e o Clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida (Bioga), deu os seus froitos ao “triplicar o número de traballadores” cualificados e pasar de 1.868 a 5.693, por riba do obxectivo de incrementar nun 25% a cifra inicial.

182 M€ de investimento da Xunta

Entre as principais conclusións do balance presentado esta mañá destaca que o sector biotecnolóxico galego conseguiu superar a previsión de investimento mobilizado en 2021-2025, con 670 M€ fronte aos 662 M€ estimados inicialmente. Tal e como explicou o presidente, destes 662 M€, “un 82% (549 M€) corresponden a apoios públicos, dos cales 182 M€ proceden da Xunta”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, Rueda destacou que “a creación de empresas vencelladas a biotecnoloxía duplicouse nestes cinco anos ata chegar as 65”. Non obstante, en total hai 162 compañías onde a biotecnoloxía está presente en maior ou menor medida nos seus procesos produtivos.

A facturación do sector situouse en 2.037 M€, o que supón “tres veces máis do previsto”, superando o obxectivo inicial de chegar aos 660 M€. Este crecemento explícase tanto pola expansión das empresas biotecnolóxicas galegas como pola incorporación de empresas tractoras de gran tamaño que empregan a biotecnoloxía nos seus procesos produtivos.

Máis investigadores e gasto en I+G+i

No relativo ao resto de indicadores, o balance amosa un grao de cumprimento xeral que confirma a posición de Galicia como unha comunidade biotecnolóxica de referencia en España. Por exemplo, o número de investigadores creceu un 15% na falta de integrar os datos de 2025. De feito, o 16% dos investigadores que desenvolven as súas tarefas en Galicia dedícanse á biotecnoloxía, polo que se sitúa como a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe de España, só por detrás de Cataluña. Cómpre destacar que a porcentaxe de investigadoras supera á de investigadores, cun 56,9%.

Rueda indicou que o gasto en I+D+i en biotecnoloxía, o que invisten os axentes do sector en investigación, “medrou nun 89% -frente ao obxectivo de ampliálo nun 45%-, ata acadar os 175 M€” e superar así as previsións. A biotecnoloxía representa máis do 16% do gasto total en I+D+i de Galicia fronte ao 13,1% da media estatal, dato que consolida tamén o segundo posto da nosa comunidade en intensidade de I+D+i biotecnolóxico sobre o gasto en I+D+i total.

Captación de capital e subsectores

Por último, Alfonso Rueda salientou o feito de que as empresas biotecnolóxicas galegas “conseguiron captar máis de 45 M€ de investimento privado” e superar o obxectivo de 30 M€. A creación de dous fondos de capital risco especializados consolida a entrada do sector no radar do capital privado.

No relativo aos subsectores máis beneficiados polas iniciativas da estratexia, amósase unha concentración natural no ámbito da saúde (medicina personalizada 24% e fármacos e vacinas 24%), seguido polos recursos mariños (cun 16%), o ámbito ambiental (cun 15%) e o agrogandeiro e forestal co 10% dos fondos mobilizados.

Estratexia de excelencia 26-30

Co remate da Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025 e sendo conscientes de que o sector “é un eido con moito futuro e fundamental para avanzar en áreas claves como a sanidade, os recursos mariños ou o eido ambiental”, Rueda indicou que o Goberno autonómico segue a apoiar o sector de xeito firme.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta finalidade, a través da Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia, e coa colaboración de Bioga, estase a traballar na definición da nova *Estratexia de excelencia da biotecnoloxía de Galicia 2026-2030*, que ultima o seu deseño para ser presentado proximamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRANSPARENCIA E NA RENDIÇÃO DE CONTAS CUN INFORME DA SÚA ACTIVIDADE NO ANO 2025

- O Consello de Goberno analiza un informe xeral da actividade das distintas consellerías e das entidades instrumentais durante o ano pasado
- Este instrumento de rendición de contas debulla o orzamento xestionado por cada departamento e o seu impacto na vida cotiá dos galegos
- O Portal de transparencia e goberno aberto publicará o documento para consulta de toda a cidadanía

A Xunta avanza no seu obxectivo de transparencia e rendición de contas cun informe en que recolle a actividade das distintas consellerías durante o ano 2025. O Consello de Goberno tivo ocasión de analizar hoxe este documento, presentado polo conselleiro de Facenda e Administración Pública e que se publicará no Portal de transparencia e goberno aberto para coñecemento da cidadanía.

O informe é un instrumento de rendición de contas que debulla o orzamento xestionado por cada departamento e o seu impacto na vida cotiá dos galegos, e que se dá a coñecer previamente á realización da Semana de Administración aberta, que este ano terá lugar do 18 ata o 24 de maio.

O documento conta cunha primeira parte en que analiza os datos globais da Xunta no ano 2025, desde o orzamento ata os recursos humanos, pasando polos contratos adjudicados e as subvencións concedidas. E, nunha segunda parte, analízase con detalle a actividade da Administración xeral da Xunta e das entidades instrumentais.

O informe dá a coñecer aos cidadáns a actividade realizada o ano pasado por cada unha das consellerías do Goberno galego. En conxunto, o documento sinala que a Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais destinaron máis de 1.100 millóns de euros a apoiar distintos colectivos e outros organismos públicos, incluíndo as entidades locais (máis de 290 M€), as persoas xurídicas e empresas (máis de 590 millóns) e a cidadanía en xeral (máis de 220 M€).

Así mesmo, en 2025 o persoal xestionado pola Xunta de Galicia e as súas entidades ascendeu a 98.627 traballadores e a Administración autonómica asinou un total de 1.976 convenios de colaboración.

Impacto na cidadanía

O informe destaca aqueles aspectos da actividade da Xunta que máis beneficiaron a cidadanía, como, por exemplo, que Galicia é a Comunidade con mellor calendario de vacinación, ou que duplicou o apoio fiscal ás familias numerosas, que bateu o récord histórico de axudas á conciliación ou que incrementou un 92,4 % a resolución de expedientes de dependencia e de discapacidade con respecto ao ano anterior. Ademais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

foron máis de 147.000 nenos e nenas os que tiveron seguro deportivo gratuíto, e o 80 % do alumnado solicitante das bolsas convocadas pola Xunta resultou beneficiario.

Polo que respecta á mocidade, case 20.000 mozas e mozos participaron en actividades de Xuventude e 1.066 foron beneficiarios do Bono Emancípate.

O informe tamén destaca a concesión de 16.129 axudas para alugueiro ou adquisición de vivenda, así como 17.552 vivendas para as cales se iniciou o desenvolvemento de solo residencial.

No eido do ambiente, subliña que Galicia foi a primeira comunidade autónoma con maior descenso de emisións de gases de efecto invernadoiro desde 1990, e que en 2025 se produciu un fito histórico co traspaso de competencias no litoral.

O informe tamén pon de manifesto o impacto económico da pesca en Galicia, que en ano 2025 ascendeu a 975 M€, así como o récord na produción de leite galego.

No que se refire á economía, investíronse máis de 18 millóns de euros no Bono Social Térmico, do cal se beneficiaron máis de 84.000 persoas. Impulsáronse 25 proxectos industriais estratéxicos e a xeración eléctrica a partir de fontes renovables acadou o 81,8 % do total.

O documento destaca, no referido a Facenda, que a aprobación e execución do orzamento en tempo e forma permite controlar o déficit e a débeda para blindar a solvencia das finanzas públicas. Ademais, reduciuse a débeda pública galega ao 13,9 % do PIB e o período medio de pagamento aos provedores foi de 19 días, fronte aos 25,21 da media das comunidades autónomas.

As boas cifras no sector turístico ou o dinamismo do mercado laboral son outros datos salientables que recolle o documento, onde se subliña tamén que o *Diario Oficial de Galicia* acadou os 2,4 millóns de novos usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA SOMETER A INFORMACIÓN PÚBLICA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA NA AC-550, AO SEU PASO POLO PORTO DO SON

- A actuación suporá un investimento autonómico superior aos 2,6M€ e consistirá na execución dun itinerario de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á AC-550, ao longo de dous treitos independentes
- O primeiro treito desenvólvese pola marxe esquerda da AC-550, ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, no treito que comunica Linteiros e A Gafa, onde empezan as beirarrúas que se prolongan ata Portosín
- O segundo treito discorrerá pola marxe dereita desta vía da Xunta, xerando un itinerario de 3,2 quilómetros de lonxitude que se inicia ao final da zona urbana de Freixedo e acada as beirarrúas que comezan no tanatorio do Campo do Prado
- A previsión do Departamento de Infraestruturas da Xunta é poder aprobar o proxecto de trazado no terceiro trimestre do ano para ter o proxecto construtivo no último trimestre do ano
- O Goberno galego segue impulsando actuacións que favorecen unha Galicia máis conectada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta aprobou hoxe provisionalmente o proxecto para someter a información pública a execución dun itinerario de uso compartido peonil-ciclista en paralelo á AC-550, ao longo de dous treitos independentes, no concello do Porto do Son.

Trátase dun novo proxecto do Goberno galego para a mellora da mobilidade e a seguridade viaria nesta estrada autonómica ao seu paso polo municipio coruñés, que suporá un investimento superior aos 2,6M€.

O primeiro treito desenvólvese pola marxe esquerda da AC-550, ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude, no treito comprendido entre o quilómetro 78+320 e o 79+400, que comunica Linteiros e A Gafa.

O segundo treito discorrerá pola marxe dereita desta vía da Xunta, entre o punto quilométrico 81+400 e o 84+600, que se inicia ao final da zona urbana de Freixedo e acada O Campo do Prado; neste percorrido entre o quilómetro 81+910 e o 82+020, a presenza dunha edificación xunto á beiravía impide a implantación da senda neste tramo.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 30 días. Para executar as obras será necesaria a expropiación de 26 predios, cunha superficie de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

expropiación de 687,00 m² e unha ocupación temporal de 22 m², toda no municipio do Porto do Son.

A previsión do Departamento de Infraestruturas da Xunta é poder aprobar o proxecto de trazado no terceiro trimestre do ano para ter o proxecto construtivo no último trimestre do ano. O prazo de execución das obras é de 14 meses.

Descrición da actuación

A intervención no primeiro treito proposto desenvólvese pola marxe esquerda da estrada AC-550 e percorre o núcleo de Linteiros, prolóngase ao longo de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude (entre os puntos quilométricos 78+320-79+400), ata A Gafa, onde empezan as beirarrúas que se prolongan ata Portosín.

O segundo treito proxéctase pola marxe dereita desta mesma vía autonómica (no treito comprendido entre o quilómetro 81+400 e o 84+600), xerando un itinerario seguro de 3,2 quilómetros de lonxitude e comunicando as beirarrúas de Freixedo coas que se inician no tanatorio do Campo do Prado. En concreto, neste treito intervírase nunha lonxitude de algo máis de 2,3 quilómetros, ao exceptuarse o tramo entre o quilómetro 81+910 e o 82+020 que impide a ampliación da beiravía pola presenza dunha edificación.

O conxunto da intervención proxéctase adxacente á estrada e mantén o mesmo trazado que esta. Considérase un ancho de senda de algo máis de 2 metros mantendo unha beiravía de 1 metro. A senda elévase 4 centímetros sobre a beiravía.

En todo o percorrido o pavimento empregado será de formigón bicapa en cor terriza. Nos accesos ás parcelas e nos cruzamentos cos camiños municipais o pavimento irá reforzado con mallazo de aceiro, e empregarase pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e na parada de autobús.

En paralelo á calzada executarase un caz con sumidoiros, cada 20 metros, que conducirán as augas a un conduto de pluviais baixo a senda.

Entre os puntos quilométricos 79+020 e 79+140, executarase unha pasarela pilotada que salvará o río Ornanda mediante un paso de 9 m de luz. O río Quintáns (no quilómetro 84+380), salvarase tamén cunha estrutura de 15 m de luz.

Executaranse muros de cachotaría, entre os quilómetros 78+880 - 78+930 e 83+483 - 83+532, así como no noiro xunto ao río Sandión e onde os estribos do paso sobre o río Quintáns. Empréganse muretes de formigón entre os quilómetros 78+430 e 78+445 e no 84+110.

Para minimizar as futuras afectacións á senda debido a obras de redes de servizos, proxéctase a inclusión dun prisma de canalización para luz pública, así como a execución dun prisma para as telecomunicacións en solo urbano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A senda proxectada permite tamén mellorar a accesibilidade de seis paradas de autobús localizadas ao longo do seu percorrido, das cales 3 se manteñen na súa localización actual, adaptando a súa posición, e as outras 3 serán trasladadas.

Disponse tamén no proxecto un paso de 1,80 metros por diante dos refuxios e xérase un apartadoiro, e substituiranse os refuxios segundo corresponda, e de acordo cos existentes modelos da Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

As actuacións recollidas neste proxecto documento contarán co financiamento dos fondos do programa operativo Feder 21/27.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

Imaxes de planta de actuacións propostas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REGULA O PROCESO ASISTENCIAL XENÉTICO DE ENFERMIDADES RARAS CO FIN DE ACURTAR OS TEMPOS DE DIAGNOSE NUN 30 % E GARANTIR A EQUIDADE

- Rueda salienta que, desde este mes, se vai implantar “un protocolo unificado e común” para que a abordaxe destes pacientes sexa homoxénea en toda Galicia
- Avalado polas achegas de 20 profesionais de diferentes especialidades, o procedemento define criterios comúns para a avaliación, derivación e comunicación de resultados clínicos vinculados ás enfermidades raras
- Anuncia un circuíto prioritario, para que nos casos “máis urxentes”, os resultados xenéticos “estean nun prazo máximo de 30 días”
- Segundo o Rexistro de Enfermidade Raras de Galicia, 5.783 persoas padecen algunha destas patoloxías complexas e de baixa prevalencia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello ratificou hoxe “un novo protocolo de actuación unificado e común para toda Galicia” que busca acurtar “un 30%, ata unha terceira parte, os tempos de diagnose ante a sospeita dunha enfermidade rara”.

Avalado polas achegas de 20 profesionais de diferentes especialidades, o novo procedemento define criterios comúns para a avaliación, derivación e comunicación de resultados clínicos vinculados ás enfermidades raras, independentemente da área sanitaria a que pertenza o paciente.

Deste xeito, cada unha das setes áreas do Servizo Galego de Saúde contará cun hospital e cunha unidade de referencia, o que permitirá reducir a variabilidade asistencial e incidirá na equidade das prestacións sanitarias na Comunidade.

O novo proceso asistencial establece un modelo de asesoramento clínico pretest no cal se definen uns criterios comúns para a entrada dos pacientes no circuíto sanitario. Esta avaliación previa centrarase en parámetros clínicos maiores (dismorfias, malformacións conxénitas, trastornos do neurodesenvolvemento...), na idade e evolución dos pacientes con sospeita clínica (inicio prenatal, neonatal, infancia, etc.); nos seus antecedentes familiares, así como nos resultados acadados en estudos xenéticos previos.

Nesta liña, o novo documento tamén define un procedemento estandarizado para a derivación de pacientes “e a petición de probas e estudos xenéticos”. Ademais, normalízanse os procesos de recollida de información persoal e clínica dos pacientes, así como a toma e a avaliación de mostras. Xunto co anterior, e unha vez concluídas estas análises, procederase á elaboración dun informe xenético de cada caso, de acordo coas recomendacións internacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O terceiro grande eixe do proceso de integración asistencial xenético será o asesoramento postest. Nesta liña, e no caso de identificarse unha variante patoxénica vinculada ás enfermidades raras, concertarase unha nova consulta cos pacientes e, "no caso de implicacións hereditarias, chamarase tamén á familia para avaliar o tratamento ou as pautas a seguir".

Redución dos tempo de diagnóstico nun 30 %

Rueda resaltou a importancia "dunha diagnose temperá" e salientou que o obxectivo da Xunta é reducir os tempos medios nas enfermidades raras que, na actualidade, "se sitúan entre os dous e os dous anos e medio". Para iso, e durante os cinco anos de vixencia que terá a Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030, o Goberno galego destinará unha partida que superará os 6,3 M€ para a realización de estudos xenéticos por parte da Fundación Galega de Medicina Xenética e co obxectivo de reforzar as tarefas de asesoramento das unidades de xenética.

A coordinación entre servizos clínicos do Sergas, as unidades de Xenética das áreas sanitarias, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, xunto coa creación dun repositorio documental común contribuirán a axilizar o proceso diagnóstico e a mellorar a capacidade de resposta do sistema sanitario público galego.

Prazo máximo de 30 días para determinadas patoloxías

Tal e como explicou o presidente, outras das principais novidades que inclúe o novo proceso asistencial xenético é a incorporación dun circuíto prioritario para aquelas situacións en que é preciso realizar unha atención temperá. "Unha vía rápida para que nos casos máis urxentes os resultados xenéticos estean listas nun prazo máximo de 30 días", indicou.

Haberá dúas novas vías rápidas. Para "os embarazos en que existe sospeita de enfermidade rara" e tamén aqueles casos nos cales se precisa un diagnóstico rápido para iniciar un tratamento financiado ou nos cales o tempo de prognóstico é crucial na abordaxe da enfermidade. Entre as patoloxías xenéticas que se inclúen na listaxe de diagnóstico prioritario inclúense a esclerose lateral amiotrófica (ELA), a atrofia muscular espiñal (AME), a hemofilia A, a fibrose quística ou a encefalopatía epiléptica precoz, entre outras.

Segundo o Rexistro de Enfermidade Raras de Galicia (Rerga), na actualidade 5.783 persoas padecen algunha destas patoloxías complexas e de baixa prevalencia.

A Xunta continúa a reforzar os recursos asistenciais do sistema sanitario público co obxectivo de mellorar a calidade dos pacientes que sofren algunha enfermidade rara.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CIDADE DA CULTURA DE GALICIA INCREMENTA O BENEFICIO QUE XERA Á SOCIEDADE E SITÚASE XA PRETO DOS 24 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta dá o seu o visto e praxe ao terceiro estudo de contabilidade social sobre a actividade do Gaiás, documento que estima que, por cada euro de investimento público que recibe, esta institución devolve 1,7 euros á sociedade
- Os resultados do último informe, correspondente ao ano 2024, apuntan unha tendencia á alza respecto ao do balance anterior, realizado con datos de 2022
- O valor social, índice do estudo que mide o retorno en aspectos como divulgación da cultura, formación e xeración de coñecemento, supera por vez primeira os dez millóns de euros
- O documento foi elaborado seguindo a metodoloxía de GEAccounting, avalada por trece universidades, entre as cales se encontran institucións académicas tan prestixiosas como a Universidade de Deusto

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao terceiro informe de contabilidade social da Cidade da Cultura de Galicia, que calcula que esta institución xera á sociedade un valor total de 23,92 millóns de euros. Neste balance, que analiza datos do ano 2024, reflíctese un incremento respecto ao informe anterior (correspondente a 2022), que cifraba este retorno en 23,65 millóns de euros.

Este terceiro estudo de contabilidade social levouse a cabo seguindo a metodoloxía estandarizada por GEAccounting, organización que conta co aval de trece universidades, entre elas a Universidade de Deusto, ademais dunha ampla lista de empresas privadas. O informe conclúe que, por cada euro de investimento público que recibe, o Gaiás lle devolve á sociedade 1,7 euros, cifra que ratifica o uso eficiente dos seus recursos públicos –que se sitúa nun resultado igual ou superior a 1–.

A contabilidade social é unha ferramenta que permite medir o valor que unha organización xera para a sociedade, incluíndo non só a súa actividade económica (que medimos a través da contabilidade tradicional), senón tamén traducindo a valor monetario o seu impacto social, cultural, educativo ou comunitario. A través desta metodoloxía tradúcense a termos económicos variables que non teñen prezo de mercado, como os espazos de estudo e investigación que ofrece a Biblioteca de Galicia, a programación expositiva e de eventos culturais de balde, a oferta de lecer dos espazos naturais, etc.

Cífrase así o valor social que achegan aquelas actividades directamente conectadas coa misión da Cidade da Cultura e que superan por vez primeira os 10 millóns de euros, incrementándose un 12,3% respecto ao estudo de 2022. Isto significa que o Gaiás cada vez xera máis valor en ámbitos como a divulgación da cultura, a formación, o apoio a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

artistas ou a provisión de espazos para acoller diferentes institucións e colectivos e tamén para a organización de programación externa.

O estudo analiza, ademais, a contribución da actividade da Cidade da Cultura aos obxectivos de desenvolvemento sustentable, e cifra o seu impacto en ámbitos como o emprego e o crecemento económico, o desenvolvemento comunitario e urbano ou a redución da desigualdade, entre outros.

Expansión da actividade do Gaiás

O terceiro estudo de contabilidade social da Cidade da Cultura, co cal se dá continuidade aos dous anteriores, completa a descrición dunha fase do complexo do Gaiás marcada pola expansión da súa actividade, unha etapa que segue a folla de ruta definida no seu II Plan estratéxico, que cobre o período 2021-2027.

Esta fase de crecemento tamén se reflicte en que nos dous últimos exercicios —2024 e 2025— a Cidade da Cultura bateuse marcas en canto ao número de participantes nas súas actividades culturais ou que o Museo Centro Gaiás se sitúe como institución de referencia en Galicia para acoller exposicións internacionais que nos últimos anos incluíron títulos como *Tesouros Reais, obras mestras do Terra Sancta Museum; Unha vida viquinga*; ou *Tattoo. Arte baixo a pel*. Esta liña de internacionalización verase reforzada este ano coa mostra *Voces do Pacífico*, primeiro acordo directo da Xunta de Galicia co British Museum.

Por último, o incremento do raio de acción do Gaiás queda tamén avalado polo feito de estar a operar como unha factoría de contidos que traslada as súas exposicións a centros expositivos de cidades e vilas galegas e tamén de fóra de Galicia, cun amplo programa de itinerancias expositivas de arredor dunha ducia cada ano.

Os datos positivos que ofrece este informe van na liña dos doutros estudos, como o informe anual do Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, que de xeito reiterado vén situando o Gaiás entre as institucións culturais máis destacadas de Galicia ao encadear sete anos consecutivos nos tres primeiros postos deste *ranking*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

250 PERSOAS GALEGAS MAIORES DE 65 ANOS DO EXTERIOR PODERÁN REENCONTRARSE COA SÚA TERRA GRAZAS AO PROGRAMA REENCONTROS CON GALICIA DA XUNTA

- O Consello do Goberno galego analizou hoxe a nova convocatoria desta iniciativa da Secretaría Xeral da Emigración en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade, que se desenvolverá do 7 ao 17 de outubro de 2026
- As persoas beneficiarias terán a oportunidade de gozar dunha estadia nas residencias de tempo libre da Xunta en Panxón-Nigrán e O Carballiño, participar nun completo programa de actividades e reforzar os seus lazos familiares
- En resposta ao incremento da demanda rexistrada en cada edición, ofrécense medio cento máis de prazas e incorpórase a participación de persoas residentes en Europa, que se suma á procedencia de América xa prevista
- No marco do compromiso da Xunta coa colectividade galega do exterior, destacan tamén iniciativas destinadas á mocidade, como Conecta con Galicia no Camiño, Conecta co voluntariado en Galicia ou a primeira edición de Avénturate con Galicia

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria 2026 do programa *Reencontros con Galicia*, unha iniciativa impulsada pola Secretaría Xeral da Emigración co obxectivo de favorecer o reencontro coa súa terra de orixe das persoas galegas maiores de 65 anos residentes no exterior.

O programa desenvolverase entre o 7 e o 17 de outubro de 2026, coa colaboración da Consellería de Política Social e Igualdade, e durante a súa estadia as persoas beneficiarias aloxaranse nas residencias de tempo libre da Xunta de Galicia en Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense), onde participarán nun completo programa de actividades socioculturais orientadas a favorecer o contacto coa realidade galega actual, o achegamento á cultura galega e o reforzo dos lazos familiares e afectivos.

Ademais, a convocatoria deste ano consolida o crecemento progresivo da iniciativa tanto no número de prazas como no seu alcance territorial. En concreto, amplíase ata as 250 prazas —frente ás 200 anteriores—, en resposta ao incremento da demanda rexistrada en cada edición, e incorpórase a participación de persoas residentes en Europa, que se suma á procedencia de América xa prevista. Deste xeito, búscase garantir unha maior igualdade de oportunidades no acceso ao programa entre a diáspora galega en ambos os continentes. Cómpre salientar que na última edición de 2025 participaron preto de 200 persoas procedentes da Arxentina, o Brasil, Cuba, o Uruguai e Venezuela, cunha media de idade de 79 anos, que tiveron a oportunidade —moitos eles tras décadas desde a súa marcha— de reencontrarse coa Galicia actual e coas súas raíces.

Condicións de participación

Poderán acceder a estas axudas as persoas que teñan feitos os 65 anos o 7 de outubro de 2026, sexan emigrantes galegos, posúan a nacionalidade española e residan no exterior de forma continuada durante, como mínimo, os dez últimos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As persoas participantes poderán viaxar acompañadas polo seu cónxuxe, parella ou familiares próximos. No caso das persoas maiores de 85 anos, establécese a obriga de viaxar cunha persoa acompañante de entre 30 e 70 anos e amplíase o grao de parentesco ata o cuarto grao de consanguinidade.

As axudas consistirán no financiamento total ou parcial –en función do nivel de ingresos da unidade familiar– do custo da viaxe de ida e volta desde os seus países de residencia ata Galicia e da estadía nas residencias de tempo libre dependentes da Xunta de Galicia xa mencionadas. Do total de prazas ofertadas, 134 contarán con financiamento total do desprazamento por parte da Xunta e 116 funcionarán baixo un sistema de copagamento, con achegas de 600 euros no caso de residentes en América e 250 euros no caso de residentes en Europa. Está previsto que se publiquen no DOG o vindeiro 13 de maio.

Apoio á colectividade exterior

A Xunta ten como prioridade promover a participación da colectividade galega do exterior na vida cultural e social de Galicia, mantendo os vencellos coa súa terra de orixe. Así, a este programa analizado hoxe súmanse outras iniciativas destinadas á mocidade –coa colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude– como *Conecta con Galicia no Camiño* e *Conecta co voluntariado en Galicia*, grazas ás cales unhas 140 persoas mozas galegas residentes no exterior poderán fortalecer este ano os vínculos coa Comunidade galega a través de estadias de máis de 10 días durante o verán. Ademais, vén de publicarse no DOG a primeira edición de *Avénturate con Galicia*, e permitirá que rapaces e rapazas do exterior de entre 10 e 17 anos participen nos campamentos de verán do Goberno galego.

En paralelo, a Xunta segue reforzando o seu compromiso co retorno no marco da Estratexia Galicia Retorna, que inclúe un cento de medidas dotadas con máis de 450 M€ para aquelas persoas que decidan regresar a Galicia, con programas específicos como o Retorna cualifica emprego (2,3 M€), cuxa nova edición abrirá o vindeiro 12 de maio, ou a realización de feiras de emprego en orixe como as previstas no Brasil no mes de xuño.